

# NORMAS DE XESTIÓN ACADÉMICA

Texto refundido aprobado por Resolución Rectoral do 12 de novembro de 1998

(DOG do 14 de xaneiro de 1999)

(Modificado por Xunta de Goberno do 22-XII-1998, 11-II-1999, 15-III-1999, 22-XII-1999, 7-IV-2000, 26-VII-2001, 15-XI-2001, Consello de Goberno do 10-VII-2003, 22-XII-2003, 5-II-2004 e [22-VI-2004](#) )

## NORMA PRELIMINAR

As normas de xestión académica aprobadas polo presente acordo son para aplicar ós planos de estudos conducentes a titulacións oficiais.

Este acordo será de aplicación subsidiaria a calquera outro procedemento de xestión académica, bolsas, e, en xeral, a todo procedemento no que o interesado teña a condición de alumno tanto de estudos conducentes a títulos oficiais como de estudos conducentes a títulos propios.

## TÍTULO I MATRÍCULA (1)

### 1. MATRÍCULA NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tódolos alumnos que pretendan iniciar ou continuar estudos de primeiro, segundo, ou terceiro ciclo na Universidade de Santiago de Compostela, unha vez admitidos, deberán formalizar matrícula de acordo coas normas que se fixan no presente acordo. Igualmente deberán formalizar matrícula os alumnos admitidos ou os que reúnan os requisitos para a realización de probas, prácticas, seminarios, actividades académicas e para a colación de graos.

### 2. MATRÍCULA ORDINARIA

#### 2.1 Obxecto da matrícula ordinaria

Deberán formalizar matrícula ordinaria tódolos alumnos que cursen estudos conducentes á obtención dun título universitario oficial con validez en todo o territorio nacional (doutor, licenciado, diplomado, arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro e enxeñeiro técnico).

#### 2.2 Limitacións para a formalización da matrícula

Os alumnos poderán formalizar matrícula ordinaria no número de materias que desexen e consonte as limitacións que se establecen a seguir:

**2.2.1 Matrícula no primeiro curso.-** Os alumnos que inicien estudos deberán formalizar obrigatoriamente matrícula como mínimo en sesenta créditos entre materias troncais, obrigatorias ou optativas, das adscritas ó primeiro curso se a titulación se estruturara en cursos, ou no seu defecto, das adscritas ó primeiro ciclo.

- No suposto de que non se ofrecen máis de 60 créditos no primeiro curso, o alumno deberá formalizar matrícula na totalidade de créditos que compoñan o primeiro curso.

- Esta limitación non é de aplicación para os seguintes alumnos:

- Alumnos que accedan ós segundos ciclos que non son continuación directa dun primeiro ciclo superado, ou por teren título que lles recoñeza o acceso.

- Alumnos ós que lles fora recoñecida adaptación ou validación.

### **2.2.2 Alumnos bolseiros .-**

Os alumnos que disfruten ou vaian solicitar bolsa terán en conta o número de créditos ou materias esixidas pola convocatoria.

### **2.2.3 Impedimentos establecidos nos planos de estudio**

**a) Prerrequisitos.-** Non se poderá formalizar matrícula nas materias que, consonte ós planos de estudio, teñan establecidos materias prerrequisito, de non terse matriculado previa ou simultaneamente nesta última.

**b) Acceso ós segundos ciclos.-** Non se poderá formalizar matrícula en ningunha materia do segundo ciclo de non reuni-los requisitos que establezan os planos de estudio para o acceso ó segundo ciclo excepto naquelas materias que lle sexan adaptadas ou validadas e pertencen a este segundo ciclo..

## **2.3 Impedimentos de matrícula ordinaria**

**2.3.1** O alumno que inicia estudos nunha titulación deberá superar un mínimo de 30 créditos nun máximo de tres cursos académicos. De non facelo, non poderá continuar os ditos estudos na USC. A partir do primeiro curso inicial deberá matricularse alomenos dos créditos que lle resten para superar o mínimo establecido.

**2.3.2 Materias con convocatorias esgotadas.-** Aqueles alumnos que esgoten as convocatorias legais en calquera materia, non poderán formalizar matrícula nestas pero si naquelas outras nas que non esgotaran as convocatorias.

**2.3.3 Simultaneidade de estudos.-** Non poderán formalizar matrícula nunha segunda titulación os alumnos que non cumpran os requisitos establecidos neste acordo para a simultaneidade de estudos.

**2.3.4 Matrícula en titulacións en proceso de extinción.-** Non procederá a matrícula para alumnos de novo ingreso en titulacións que estiveran en proceso de extinción, agás que tralos procesos de validación ou adaptación, resulte que teñen superadas tódalas materias que estean extintas. Para continuación de estudos rexerá o disposto para a admisión de trasladados.

Os alumnos adaptados a un novo plano de estudos non poderán, en ningún caso, formalizar matrícula en materias do plano de procedencia.

**2.3.5** Os alumnos que se matriculen por primeira vez nunha titulación non poderán solicitar nin cursar materias para seren imputadas como de libre configuración curricular. Non obstante, poderán solicitar o recoñecemento ou validación de créditos para a libre configuración curricular de materias, seminarios ou actividades académicas que os alumnos tivesen realizado. Este recoñecemento non significa ter cumpridos os requisitos do apartado 2.3.1 destas Normas.

Esta limitación non é de aplicación para os seguintes alumnos:

- Alumnos que formalicen matrícula no primeiro curso de titulacións de só segundo ciclo.

- Alumnos que accedan ós segundos ciclos que non son continuación directa dun primeiro ciclo superado, ou por teren título que lles recoñeza o acceso.

- Alumnos ós que lles fora recoñecida adaptación ou validación.

### **3. MATRÍCULAS SUXEITAS Á PRESELECCIÓN OU AUTORIZACIÓN PREVIA**

#### **3.1 Materias de libre elección**

Os alumnos que pretendan cursar materias para os efectos de libre configuración curricular someteranse ós procedementos de selección para optar a aquelas materias, que con este fin ofrezca a Universidade.

A presentación de solicitudes realizaranse no mes de xuño e setembro, e a resolución do procedemento realizarase con anterioridade ó prazo de matrícula, de tal xeito que os alumnos poidan formalizar matrícula conxuntamente coas materias do propio plano de estudos, co que terán a mesma consideración que estas a todos os efectos.

Co obxecto de facilitar a libre elección, o Rectorado poderá abrir outros prazos de solicitude de materias de libre elección, e consecuentemente novos prazos de matrícula, nos que a oferta de materias de libre elección poderá limitarse en atención ás prazas vacantes e ó período de impartición das materias.

As materias en que se formalice matrícula de libre elección estarán sometidas ó réxime de prelacións ou prerequisites que estableza o plano de estudos ó que pertencan.

#### **3.2 Créditos por equivalencia**

A formalización de matrícula en créditos por equivalencia realizarase trala acreditación ou autorización para a súa realización. A matrícula nestas materias realizarase conxuntamente coa do resto das materias, e no momento que sexa convocado para iso, ou no prazo de dez días dende a resolución que seleccione os alumnos se non coincidira co período de matrícula.

A matrícula en créditos por equivalencia reportará os prezos dos créditos que se vaian imputar.

**a) Traballos academicamente dirixidos que figuran como materias:** A formalización de matrícula non terá outros límites cós que se deriven do plano de estudos.

**b) Traballos academicamente dirixidos por créditos por equivalencia**

1.- No suposto de que o traballo se impute a unha materia, o alumno deberá formalizala matrícula na materia de que se trate.

2.- No suposto de que se apliquen como de libre configuración, deberá formalizar matrícula en tantos créditos como sexa valorado o traballo.

Dos alumnos seleccionados para a realización de traballos academicamente dirixidos darase conta, mediante certificación do secretario do centro, á Unidade de Xestión Académica correspondente.

#### **3.3 Estadías de Farmacia (Prácticas tuteladas)**

**3.3.1 .- Alumnos de planos non renovados:** Poderán solicitar a realización das Estadías os alumnos ós que lles falte un máximo de dúas materias para rematalos estudos e tivesen formalizado a matrícula nestas materias.

A matrícula formalizarase nos tres días seguintes ós da adxudicación de localidade polo centro segundo o procedemento establecido.

**3.3.2.- Alumnos de planos renovados.-** Os alumnos que estean cursando a titulación consonte o plano de 1994 para poder matricularse das Estadías deberán ter superados 300 créditos do total do plano de estudos e 285 créditos os alumnos matriculados no plano de 1999.

#### **3.4 Rotatorio da licenciatura de Medicina e Cirurxía**

Poderanse matricular no prazo ordinario de matrícula os alumnos de sexto curso sen materias pendentes, con materias pendentes non-homólogas, e aqueles alumnos que no momento da incorporación ó hospital teñan pendentes dúas materias como máximo homólogas ás do rotatorio.

Os alumnos que teñan máis de 2 materias homólogas ás do rotatorio pendentes e as superen na convocatoria extraordinaria, deberán solicita-la ampliación da súa matrícula nas materias do rotatorio antes do 15 de marzo.

A selección e a adxudicación de prazas nos hospitais realizaraa a Facultade de Medicina e consonte os criterios e prazos que estableza.

### **3.5 Prácticum**

A selección e adxudicación de destino, dos alumnos que deban ou soliciten realiza-lo prácticum e que figuren nos planos de estudio, realizarase de acordo cos procedementos que fixen os centros.

## **4. CONVENIOS INTERNACIONAIS**

### **4.1 Alumnos da Universidade de Santiago que pretendan cursar estudos nunha universidade estranxeira en virtude dun convenio internacional de cooperación**

Deberán formalizar matrícula ordinaria nesta Universidade dentro dos prazos que se fixen con carácter xeral.

Os estudos realizados en virtude dos convenios serán obxecto de recoñecemento por parte dos centros onde se imparte a súa titulación nas materias superadas en que se matriculara na Universidade de Santiago.

### **4.2 Alumnos de universidades estranxeiras que cursan estudos na Universidade de Santiago de Compostela en virtude de convenios internacionais de cooperación**

Para poder formalizar matrícula deberán presentar na Unidade de Xestión Académica a oportuna credencial expedida pola Universidade de Santiago, e non existe ningún tipo de limitación nin impedimento en canto ás materias das que pretenda matricularse. A matrícula non reportará importe ningún, agás os que se deriven do importe do Seguro Escolar, se o alumno estivese obrigado a el.

Rematado o curso expediráselle unha certificación académica na que se faga consta-la cualificación acadada nas materias cursadas, para o seu recoñecemento na Universidade de orixe.

**4.3 Alumnos do programa SICUE (Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios de España) .-** Para formaliza-la matrícula deberá ter superado na Universidade de orixe un mínimo de 60 créditos no caso de Diplomaturas, Enxeñerías Técnicas ou Arquitectura Técnica ou 120 créditos no caso de licenciaturas, Enxeñerías ou Arquitecturas. Para formalizar matrícula deberán figurar como alumnos do programa SICUE, non existindo ningún outro tipo de impedimento ou limitación en canto ás materias das que pretenda matricularse máis que as derivadas dos acordos entre as dúas Universidades. A matrícula non reportará prezos públicos na USC. Rematado o curso expediráselle unha certificación académica na que se faga consta-las materias cursadas coas correspondentes cualificacións. Para o seu recoñecemento na universidade de orixe

**4.4 Alumnos da USC que participen no programa SICUE.-** Deberán formaliza-la matrícula nos estudos que están cursando e nos termos que establezan os Acordos Académicos e as propostas de mobilidade da cada estudante.

4.4.1 Non poderán incluírse no Acordo Académico para matricular polo sistema SICUE as materias cualificadas con suspenso nos estudos que está a cursar na USC. Non obstante, poderá matricularse destas materias na USC e cursalas fora do programa SICUE.

4.4.2 Os coordinadores de SICUE enviarán unha copia do Acordo Académico realizado polos alumnos de cada centro ás Unidades de Xestión Académica que xestionan as correspondentes titulacións, co obxecto de verifica-la matrícula que formalizaron os alumnos participantes no programa de mobilidade.

**4.5 Non serán recoñecibles os estudos de ningún tipo cursados polos alumnos de intercambio fóra dos acordos académicos.**

## **5. EFECTOS DA FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA ORDINARIA**

**5.1** A matrícula ordinaria supón o deber e o dereito de asistir ás clases teóricas e prácticas. A obriga de asistencia ás clases teóricas poderá ser dispensada pola Xunta do Centro, a pedimento do alumno por causa documentalmente xustificada.

**5.2** Dereito a ser cualificado en dúas convocatorias das que regulamentariamente se celebren no curso académico, agás que o alumno non tivera convocatorias suficientes.

## **6. MATRÍCULA NO TERCEIRO CICLO**

**6.1** Os alumnos do Terceiro Ciclo durante os períodos de docencia e investigación formalizarán a súa matrícula nos créditos establecidos en cada programa, conforme ós prezos públicos correspondentes.

O mesmo tempo deberase aboar o seguro escolar ou, no seu caso, o seguro de accidentes. Non será preciso aboar o seguro de accidentes cando se acredite a cobertura do risco de accidente por outra vía.

**6.2** Rematada a etapa de formación e para a realización da tese de doutoramento, ademais da previa aprobación do proxecto, deberá formalizarse unha matrícula anual, na que se aboe o seguro de accidentes, salvo que se acredite a cobertura do risco de accidentes por outra vía.

Quenes, ademais da matrícula, acrediten unha adicación a tempo completo á realización da tese de doutoramento, a xuízo do Consello de Departamento, nos tres anos seguintes ó remate dos períodos de formación e investigación, terán a condición de alumnos do Terceiro Ciclo. Quenes non teñan esta acreditación terán aqueles dereitos que lles rezoñeza a normativa da Universidade.

## **7. MATRÍCULAS EN ACTOS ACADÉMICOS**

### **7.1 Proxectos fin de carreira e traballos fin de carreira**

**OS PROXECTOS FIN DE CARREIRA** resérvanse para as titulacións técnicas e configúranse nos planos de estudos dun xeito obrigatorio e a realizar unha vez superados o resto dos créditos troncais, obrigatorios, optativos e de libre configuración.

**OS TRABALLOS FIN DE CARREIRA** que aparecen noutros planos de estudos configúranse ben con carácter optativo ou ben con carácter obrigatorio, e para a presentación e realización non se esixirá, agás que o plano de estudos así o estableza ter superados tódolos créditos da titulación.

#### **7.1.1 Requisitos de matrícula:**

- a) **Proxectos fin de carreira.**- Poderán concorrer os alumnos que teñan superadas as demais materias do plano de estudos.
- b) **Traballo fin de carreira.**- Poderán concorrer os alumnos que reúnan os requisitos que establecen os planos de estudos.

Se o alumno desexara presenta-lo proxecto ou traballo fin de carreira na mesma convocatoria na que superara tódalas materias, e aínda non estiveran entregadas tódalas actas na Unidade de Xestión Académica correspondente, poderá admitirse a matrícula se o secretario do centro ou profesor encargado da materia ou materias evacúan informe consonte o alumno ten superadas as materias das que aínda non se entregaran as actas.

A eficacia da matrícula e da cualificación do proxecto quedarán condicionadas a que das actas se deduza que o alumno ten superadas as materias necesarias para concorrer, debéndose facer constar esta circunstancia na certificación expedida polo secretario do centro.

**7.1.2 Prazos de matrícula:** Poderá realizarse en calquera momento do curso académico, sendo a data límite o día antes ó establecido polos centros para a entrega do proxecto ou do traballo.

A matrícula dará dereito a presentar o proxecto ou traballo unha soa vez, debendo liquidarse os prezos públicos en cada matrícula que se realice.

Os prezos públicos dos Proxectos Fin de Carreira son ós que a tal fin figuran no decreto de prezos públicos da Xunta de Galicia. No caso dos Traballos fin de carreira liquidaranse en función do número de créditos que no plano de estudos ten asignado o traballo.

**7.1.3 Solicitude de concorrencia:** Os alumnos que formalicen matrícula deberán presenta-la solicitude da mesma na Unidade de Xestión Académica ó menos un día antes da data que o centro teña establecida para a presentación do proxecto, ademáis indicarán a convocatoria na que vaian a presenta-lo proxecto.

**7.1.4 Datas de presentación:** As datas de presentación dos proxectos fin de carreira determinarannas os centros, debendo realizar polo menos tres convocatorias anuais tendendo a facelas coincidir cos períodos inmediatamente posteriores ás convocatorias oficiais de exames.

Os centros elaborarán un calendario no que se recollan as datas de presentación dos proxectos e traballos fin de carreira antes do inicio do curso.

## **7.2 Grao de licenciado**

### **7.2.1 Matrícula para a colación do grao**

- MODALIDADE DE EXAME: Os alumnos que desexen concorrer á colación do grao pola modalidade de exame, deberán formalizar matrícula entre o 1 e o 15 de outubro.

- MODALIDADE TRABALLO DE INVESTIGACIÓN: Poderase realizar en calquera momento ó longo do curso; débese acreditar no momento de formaliza-la matrícula, mediante certificación expedida polo secretario do centro, que reúne os requisitos e que ten depositados os exemplares na secretaría do centro.

### **7.2.2 Realización dos exames e lectura do traballo de investigación**

- REALIZACIÓN DOS EXAMES PARA A COLACIÓN DO GRAO: Os exames realizaranse nas datas que determinen os centros, entre o 25 de outubro e o 15 de novembro.

- LECTURA DO TRABALLO DE INVESTIGACIÓN: O traballo de investigación poderase presentar ó longo do curso e nos prazos que establezan os centros.

## **7.3 Premio extraordinario**

**7.3.1** Os alumnos que acadaran a cualificación de sobresaliente no grao de licenciado, por calquera modalidade, poderán optar ó premio extraordinario correspondente ó curso no que concorreron á colación do grao, nos termos regulados no título X.

Para efectos de colación do grao entenderase que poden concorrer-los alumnos que presentaran o traballo de investigación ou realizaran o exame antes do 15 de novembro de cada ano.

**7.3.2** Os alumnos que estean en condicións de presentarse ó premio extraordinario, deberán solicitalo entre o 15 e o 30 de novembro.

**7.3.3** Os centros establecerán entre o 1 e o 15 de decembro as datas concretas para xulgalos concorrentes ó Premio Extraordinario.

## **7.4 Probas de conxunto**

Aqueles titulados por universidades estranxeiras ós que se lles esixa a superación dunha proba de conxunto para a homologación do seu título, e optasen por facelo na Universidade de Santiago, disporán de polo menos dúas convocatorias por curso que poderán coincidir coas convocatorias oficiais de exames. As datas concretas da realización dos exercicios fixaranas os centros.

## **8. MATRÍCULA EXTRAORDINARIA**

### **8.1 Obxecto da matrícula extraordinaria**

É matrícula extraordinaria a de quen, con independencia da titulación que posúa, se inscriba en cursos diversos dos que ofrece a universidade regularmente, sen aspirar á obtención dun título.

### **8.2 Admisión**

A admisión para formalizar matrícula en réxime de matrícula extraordinaria realizaraa o Rector á vista das prazas dispoñibles e soamente para materias nas que se imparta docencia, unha vez computadas as matrículas ordinarias. Non se autorizará a realización de matrícula extraordinaria nas materias ofertadas no 1º curso das titulacións sometidas a límite de prazas

De ser admitido formalizará matrícula na Unidade de Xestión Académica correspondente.

### **8.3 Efectos**

**8.3.1 Cualificación.-** Os alumnos en réxime de matrícula extraordinaria serán cualificados coas mesmas cualificacións que os alumnos de matrícula ordinaria.

**8.3.2 Adaptacións e validacións.-** As materias cursadas en réxime de matrícula extraordinaria non serán susceptibles de seren validadas ou adaptadas para a obtención de títulos universitarios oficiais ou propios da Universidade de Santiago de Compostela.

### **8.4 Certificacións**

As materias cursadas en réxime de matrícula extraordinaria figurarán nos certificados académicos, se ben dun xeito separado e coa advertencia de estar cursadas en réxime de matrícula extraordinaria, non conducir á obtención de ningún título oficial e non ser susceptibles de validación ou adaptación de ningún título oficial.

### **8.5 Matrícula extraordinaria en materias ou disciplinas superadas**

Os estudantes da USC poderán formalizar matrícula extraordinaria en materias ou disciplinas xa superadas cando nas mesmas se teña producido unha sustantiva modificación de contidos no programa da materia(s) que se pretenda cursar novamente.

## **9. MATRÍCULA DOS TÍTULOS PROPIOS**

Os alumnos que cursen estudos conducentes á obtención de títulos propios establecidos pola Universidade en virtude da súa autonomía e regulados no art. 119 dos Estatutos, formalizarán matrícula na Unidade de Xestión Académica correspondente unha vez seleccionados, de acordo co establecido no Regulamento do Procedemento para a expedición de títulos propios publicado por Resolución Rectoral do 24/3/94 (D.O.G. do 2 de maio).

Nembargantes o disposto, a realización desta matrícula nas Unidades de Xestión quedará en suspenso ata que non se regulemente con carácter xeral o réxime académico dos alumnos que cursen estes estudos.

## **10. PREZOS PÚBLICOS**

Tóda-las matrículas implicarán prezos públicos de acordo co que estableza anualmente o Decreto de prezos públicos aprobado pola Xunta, para curso académico, no caso das titulacións oficiais, ou polo Consello Social, para as titulacións propias.

O pagamento da matrícula poderá fraccionarse nos prazos que aproben os órganos da USC. Os prazos e mailos importes que deban aboarse en cada prazo establecerá a correspondente Convocatoria de matrícula que para cada curso se realice.

As exencións poden ser:

**a) Totais:** (abranguen exclusivamente o concepto de matrícula).

- Familia numerosa de segunda categoría.
- Matrícula de Honra en COU ou no segundo curso de Bacharelato LOXSE. Este beneficio será de aplicación unha sóa vez, esgotase coa matrícula para o inicio de estudos, xa sexa exercido ou non, polo que non é de aplicación se o alumno inicia con posterioridade outros estudos universitarios.
- Bolseiros. Se a convocatoria de bolsa establece a compensación do importe da matrícula na Universidade.

**b) Parciais:**

- Familia numerosa de primeira categoría (deducción do 50%)
- Matrícula de honra: en función do número de créditos ou materias nas que obtivese esta cualificación.

**c) Subvencións:** poderán solicitala os funcionarios e persoal laboral de acordo coas normas que dicte a Universidade de Santiago de Compostela.

## **11. PRAZOS DE MATRÍCULA**

### **11.1 Matrícula en primeiro ou segundo ciclo**

A matrícula dos alumnos realizarase nos prazos que anualmente se establezan, que poderán ser previos ou coincidentes co inicio do curso académico. Para os efectos de organización da matrícula estableceranse dúas convocatorias e procedementos diferenciados: unha para os alumnos que acceden a titulacións con límite de prazos (1º e 2º ciclo), e outro para alumnos que acceden a centros con límite e para aqueles outros que continúan estudos; debe formalizar matrícula, nun único chamamento, da totalidade das materias tanto anuais coma cuatrimestrais que vaian cursar nese ano académico.

Para os alumnos que remataran o Curso de Adaptación na convocatoria extraordinaria de exames, realizarase, unha convocatoria para a formalización de matrícula nos estudos ós que os cursos de adaptación recoñezan dereito, teñan ou non docencia.

Os alumnos que trala realización dos exames do primeiro cuatrimestre, convocatoria extraordinaria ou fin de carreira, superen unha titulación ou primeiro ciclo que lles dea acceso a unha titulación do só segundo ciclo ou a

outros segundos ciclos diferentes, poderán formalizar matrícula en materias anuais ou do segundo cuadrimestre nos prazos que estime o Rectorado de acordo ó seguinte:

- a) Se o segundo ciclo estivera sometido a límite de prazos e estas foran todas cubertas nos prazos ordinarios non poderán formalizar matrícula.
- b) Se o segundo ciclo tivera límite de prazos e quedaran vacantes tras o procedemento ordinario, previamente á matrícula deberá solicitalo e a solicitude tramitarase consonte ó procedemento establecido para o ingreso en segundos ciclos.
- c) Para estudantes doutras universidades abrírase, de forma simultánea, un prazo de solicitude de traslados
- d) Os estudantes que no momento da matrícula ordinaria non se puideron matricular de materias de segundo ciclo por non reunilos requisitos de acceso que establece o seu plano de estudos. Só se poderán matricular de materias do segundo cuadrimestre.

## **11.2 Matrícula en terceiro ciclo**

A matrícula no terceiro ciclo realizarase nos prazos que anualmente se establezan .

## **12. SIMULTANEIDADE DE ESTUDIOS**

**12.1** Os alumnos da Universidade de Santiago de Compostela poderán simultanea-los estudos de dúas titulacións das que imparte esta Universidade, se teñen superados como mínimo os créditos dos que están obrigados a formalizar matrícula no primeiro curso. A acreditación de te-lo número de créditos superado será título suficiente para simultanear estudos.

**12.2** Permitirase a simultaneidade de estudos en titulacións que teñan límite de prazos cando:

- a) Se trate de acceso a segundos ciclos.
- b) O expediente académico do alumno, calculado ó abeiro das normas de xestión académica, sexa de 1 punto na titulación que está a realizar.

**12.3** En caso de simultaneidade entre universidades distintas, estarase ó disposto na regulamentación xeral do Ministerio de Educación e Cultura.

## **13. DESISTENCIA E MODIFICACIÓN DA MATRÍCULA**

Os alumnos poderán solicita-la desistencia ou a modificación da matrícula consonte o que se dispón a seguir:

### CON CARÁCTER XERAL:

**Desistencia total, e modificación parcial da matrícula,** entendendo por isto último calquera cambio ou desistencia de materias, ata o 15 de decembro.

**Modificación de materias cuadrimestrais do segundo cuadrimestre,** ata o 31 de marzo. A modificación de matrícula enténdese para estes efectos como a substitución dunha materia por outra, ou por materias cun número de créditos equivalente. Estas novas materias teñen que ser elixidas entre as **que estiveran en condicións de matrícula no período de matriculación.**

A desistencia e maila modificación aceptaranse totalmente.

## MODIFICACIÓNS PARTICULARES:

Aceptarase en calquera momento a modificación de matrícula polas seguintes causas:

- a. Ampliación de materias co obxecto de que o alumno poida beneficiarse de bolsas convocadas polo MEC, Xunta de Galicia, Universidade ou calquera outro organismo oficial.
- b. Resolución de adaptación ou validación sempre que se tivese solicitado no período ordinario de matrícula. Esta modificación de matrícula en ningún caso supón a posibilidade da anulación total da mesma. Asemade non se admitirá a ampliación de matrícula en materias que tivesen realizado a primeira convocatoria ordinaria de exame. Con independencia da presentación ou non do recurso potestativo de reposición contra a resolución de adaptación ou validación o alumno deberá formaliza-la matrícula no prazo que se lle indique na resolución.
- c. Selección de alumnos para a realización de prácticas en empresas, traballos academicamente dirixidos ou traballos de campo, logo de formaliza-la matrícula e sempre que non se tivesen presentado a exame das materias que pretenda anular ou modifica-la matrícula. A solicitude de modificación de matrícula deberá realizarse nos dez días seguintes á formalización da matrícula ou a incorporación para a realización das prácticas en Empresas.
- d. Nos supostos de concorrencia horaria sexa nas clases teóricas ou nas prácticas, entre as materias do plano de estudio que está a realiza-lo alumno e as materias de libre elección que se impartan noutras titulacións, no prazo de 30 días dende que empezaran as clases das materias afectadas. Asemade admitirase a modificación de matrícula no suposto de modificación de horarios consonte os cales o alumno formalizou a matrícula.
- e. Naqueles supostos en que polas situacións persoais, tal como enfermidade grave, ou académicas, estime o Rectorado a procedencia da modificación ou anulación da matrícula.

## **14. CONVOCATORIAS DE EXAME**

Os alumnos que formalicen matrícula ordinaria disporán de dúas convocatorias por curso e dun máximo de sete convocatorias para superar cada materia, sen prexuízo do disposto no acordo da Xunta de Goberno do 22 de abril de 1996.

No cómputo de convocatorias para superar unha materia non se terán en conta as que figuren coa mención de "non presentado".

En cada curso académico realizaranse dúas convocatorias de exame por cada materia de acordo co seguinte:

1.- Materias cuatrimestrais con docencia no primeiro cuatrimestre: A primeira convocatoria de exames realizarase no mes de febreiro, e a segunda no mes de setembro

2.- Materias cuatrimestrais con docencia no segundo cuatrimestre e materias anuais: A primeira convocatoria de exames realizarase no mes de xuño e a segunda no mes de setembro.

3.- Convocatoria extraordinaria de exames para planos non renovados: Realizarase nas mesmas datas que a convocatoria de exames das materias cuatrimestrais con docencia no primeiro cuatrimestre.

4.- Convocatoria de exames fin de carreira:

a) **Planos renovados.-** Realizarase entre os meses de decembro e xaneiro e

nas datas que cada centro estime pertinente, que deberán ser feitas públicas ó inicio do curso.

**b) Planos non renovados.-** Coincidirá coa convocatoria extraordinaria de exames.

O acordo da Xunta de Goberno que aprobe anualmente o calendario escolar poderá establecer as datas de exame e os períodos non-lectivos para a realización deles, consonte a programación que para o curso académico se realice.

## **15. MATRÍCULA PARA EXAMES FIN DE CARREIRA**

### **15.1 Requisitos**

a) **Planos vellos:** Poderán realiza-la matrícula para concorrer a exames fin de carreira os alumnos ós que lles resten como máximo tres materias para concluí-los seus estudos, aínda que non estiveran matriculados con anterioridade nas ditas materias.

A matrícula deberá realizarse da totalidade de materias que resten para a conclusión dos estudos.

b) **Planos renovados:** Poderán realiza-la matrícula para concorrer ós exames fin de carreira os alumnos de planos renovados que para finaliza-los seus estudos lles quede un número de créditos inferior ó 50% da carga lectiva vinculada ó último curso da titulación. Se non figura a carga lectiva por curso e sí por ciclo esta dividirase polo número de anos do ciclo, o 50% do resultado será o número máximo de créditos que poden quedarlle ó alumno que desexe concorrer a estes exames para acaba-los seus estudos. Este requisito deberá entenderse só respecto dos créditos que establece o plano de estudos para a obtención da titulación.

c) Non poderá matricularse nesta convocatoria de materias que non foran obxecto de matrícula en convocatorias ordinarias en cursos anteriores.

A matrícula deberá realizarse da totalidade das materias ou créditos que resten para a conclusión dos estudos. Non se computarán a estes efectos as materias ou créditos que o alumno matricule en exceso para a obtención da titulación . Neste caso, o alumno deberá indicar en que materias das matriculadas pretende inscribirse na convocatoria de fin de carreira.

d) Os alumnos de titulacións nas que se esixa ter tódalas materias do plano de estudos aprobadas para a realización do proxecto ou traballo fin de carreira non teñen que matricular previamente o proxecto ou traballo fin de carreira para poder presentarse á convocatoria fin de carreira. Para o cómputo do número de créditos non se computará o traballo ou proxecto fin de carreira agás que non sexa preciso ter superadas tódalas materias do plano de estudos para realizalo.

e) As Estadías en Farmacia (prácticas tuteladas) teñen o mesmo tratamento que os proxectos fin de carreira.

f) Cando o estudante se matricule de tódalas materias que lle restan para finalizar os estudos e ademáis estea realizando prácticas en empresas, seminarios ou actividades académicas para a libre configuración curricular, permitirase a matrícula na Convocatoria Fin de Carreira, sempre que quede xustificada esta circunstancia e que o número de créditos que globalmente lle reste ó estudante para poder matricularse na Convocatoria Fin de carreira estea comprendido no sinalada polo apartado b)

g) Están excluídos desta convocatoria as seguintes materias ou actividades académicas: Os Practicum, Estadías en Farmacia, traballos académicamente dirixidos e as materias que esixan a superación das prácticas para considerar aprobada a materia. No caso de que a organización destas actividades académicas que realizan os centros sexan compatibles coa presentación ós exames de fin de carreira os alumnos poderán inscribirse na mesma se reúnen os requisitos que os centros establezan a tales efectos.

h) Os prazos de inscrición de fin de carreira das materias de libre elección son os mesmos que os das demais materias da titulación que cursa o estudante.

i) Os/as alumno/as que se matriculen de materias ou créditos con posterioridade á realización do depósito do título non poderán concorrer á Convocatoria Fin de carreira. Asemade, tampouco poderán concorrer a esta convocatoria os alumnos que teñan superado as materias e créditos que establece o plano de estudos para a obtención da titulación.

## 15.2 Procedemento e prazo de matrícula

O alumno que desexe concorrer á convocatoria de exames de fin de carreira, deberá formalizar a inscrición nos seguintes prazos:

**Planos renovados:** No momento en que formalice a matrícula ordinaria, sendo o prazo de solicitude o mesmo que para a matrícula ordinaria.

**Planos non renovados:** No momento en que formalice a matrícula ordinaria sendo o prazo de solicitude o mesmo que para a matrícula ordinaria.

En todo caso estes alumnos poderán acollerse ó procedemento de modificación desta inscrición ata o 15 de novembro.

## 16. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE EXAMES PARA PLANOS NON RENOVADOS

### 16.1 Réxime transitorio para alumnos de planos non renovados

Os alumnos que estean a cursar estudos por planos non renovados e matriculados en materias das que sexan repetidores, poderán concorrer a un máximo de tres materias na convocatoria extraordinaria de exames.

### 16.2 Inscrición para a convocatoria extraordinaria de exames

Os alumnos que formalizaran matrícula nos prazos establecidos e que reúnan os requisitos que se establecen nos prazos anteriores, e desexen concorrer á convocatoria extraordinaria de exames, deberán formalizar inscrición na Unidade de Xestión Académica nos prazos que anualmente se establezan.

Os alumnos que teñan formalizada solicitude para concorrer ós exames da convocatoria extraordinaria e que non concorran, poderán concorrer ás convocatorias ordinarias do curso.

# TÍTULO II. CUALIFICACIÓNS

## 17. CUALIFICACIÓNS E MENCÍONS

### 17.1 Cualificación

A avaliación dos alumnos será reflectida nas actas mediante unha cualificación numérica en función da seguinte escala de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa:

0-4,9: Suspenso (SS)

5,0-6,9: Aprobado (AP)

7,0-8,9: Notable (NT)

9,0-10: Sobresaliente (SB)

Tamén poderá outorgarse a cualificación de “apto/a” ou “non apto/a” nos supostos de créditos recoñecidos correspondentes a actividades formativas non integradas no plan de estudos, e nos demais supostos previstos polas normas.

Poderase conceder a mención de “Matrícula de Honra” a alumnos que obtiveran a cualificación igual ou superior a 9.0, sen que o seu número poda exceder do cinco por cento dos alumnos matriculados na materia no correspondente curso académico. Non obstante, se o número de alumnos matriculados fose inferior a 20 poderá concederse unha matrícula de honra.

## 17.2 Mencións

Nas actas de exame, ademais de reflectir as cualificacións, poderán figurar as mencións "*sen cualificar*" ou "*non presentado*" nos seguintes supostos:

**"Sen cualificar"**.- No suposto de que o alumno concorra á convocatoria de exame dunha materia sen ter superada a materia que sexa prelación ou ben cando curse os estudos dos que está matriculado na Universidade de Santiago noutra universidade no marco dun convenio interuniversitario de cooperación sempre e cando os estudos cursados noutra universidade teñan que ser obxecto de recoñecemento de estudos de acordo coas disposicións que regulan este tipo de estudos.

**"Non presentado"**.- Farase constar esta mención a aqueles alumnos que, estando matriculados nunha materia, non concorran á realización dos exames nas convocatorias oficialmente establecidas.

## 17.3 Valoracións de expedientes

Para os efectos da valoración dos expedientes, as cualificacións cualitativas serán valoradas consonte a seguinte táboa:

### 17.3.1 Expedientes nos que figure cualificación cualitativa.

Suspenso	0 puntos
Aprobado	1 punto
Notable	2 puntos
Sobresaliente	3 puntos
Matrícula de honra	4 puntos
Validacións	1 punto

### 17.3.2 Expedientes exclusivamente con cualificacións cuantitativas:

Entre 0 e menos de 5	0 puntos
Entre 5 e menos de 7	1 punto
Entre 7 e menos de 9	2 puntos
Entre 9 e 10	3 puntos

As mencións "Non presentado" e "Renuncia", valoraranse como suspenso se se requirise a súa valoración. Non se terá en conta para a valoración dos expedientes as materias, actividades académicas, prácticas en empresas, etc, na que a cualificación figure coa mención de apto.

## 18. VALORACIÓN DOS EXPEDIENTES

### 18.1 Valoración de expedientes que deben producir efectos na Universidade de Santiago de Compostela

Con carácter xeral, e sen prexuízo do que poidan establecer normas xerais ou convocatorias singulares da Universidade, os expedientes dos alumnos valoraranse na Universidade de Santiago de Compostela do seguinte xeito:

### **18.1.1 Estudos consonte planos de estudos renovados:**

Por cada cualificación do expediente detraeranse 0,10 puntos por cada suspenso.

Determinada a cualificación, tras a deducción realizarase unha media ponderada, que será o cociente da suma que resulte da multiplicación dos créditos das materias pola cualificación de cada materia, entre o número de créditos necesarios para obte-la titulación ou o primeiro ciclo, ou das materias nas que formalizará matrícula se non rematara os estudos.

### **18.1.2 Estudos consonte a planos non-renovados**

Por cada cualificación do expediente detraeranse 0,10 puntos por cada suspenso.

Determinada a cualificación trala deducción, realizarase unha media aritmética, que será o cociente da suma das cualificacións que resulte segundo o apartado anterior entre o número de materias dos estudos, ou das materias nas que formalizara matrícula se non rematara os estudos. Para estes efectos as materias cuatrimestrais entenderanse como media materia e a cualificación dividirase entre dous.

As materias optativas, e no seu caso, as de libre configuración, cursadas a maiores do esixido polos planos de estudio, non se terán en conta para a valoración dos expedientes

## **18.2 Expedientes que deban producir efectos noutros organismos e institucións.**

Os expedientes que deban producir efectos noutros organismos e institucións, sexan públicos ou privados, valoraranse consonte os criterios establecidos para tales efectos polo Consello de Universidades. Neste suposto tampouco se terán en conta para a valoración do expediente as materias optativas, ou de libre configuración, cursadas a maiores do total de créditos esixidos polos planos de estudio. En todo caso, a Universidade realizará a valoración do expediente escollendo dentre elas as que máis beneficien ó alumno.

## **18.3 Expedientes con materias cursadas con posterioridade ó depósito do título**

Para o cálculo da nota media do expediente dos alumnos que despois de ter feito o depósito do título formalicen matrícula so se terán en conta as materias realizadas con anterioridade á data do depósito sen considerar as materias cursadas a posteriori.

# **TÍTULO III. ACTAS, EXPEDIENTES E CUSTODIA DE EXAMES**

## **CAPÍTULO I ACTAS**

### **19. CONFECCIÓN DAS ACTAS**

Por cada materia cursada e por cada unha das convocatorias de exame elaboraranse unha acta na que figuren tódolos alumnos matriculados, indiferentemente do réxime de matrícula. Mediante resolución rectoral, poderá establecerse que as actas se confeccionen por grupos de docencia de acordo co procedemento de elaboración e cumprimentación de actas que se estableza.

### **20. CONTIDO DA ACTA**

**20.1** As actas identificarán a materia de que se trate con tódolos seus elementos, tales como: denominación, tipo de materia, créditos, titulación na que se imparte, período de docencia, grupo, de se-lo caso, e calquera outro que sirva

para a súa identificación.

Os alumnos que deban figurar nas actas serán identificados, como mínimo polo seu nome e apelidos, e documento nacional de identidade ou pasaporte, e tipo de matrícula.

**20.2** As cualificacións reflectiranse en calquera caso cos literais das cualificacións e mencións, sen prexuízo doutro tipo de marcas ou símbolos que permitan axiliza-la súa xestión.

## **21. ASINAMENTO DAS ACTAS**

As actas de exame serán asinadas en tódalas súas follas polo profesor ou profesores que consonte o plano de organización docente teñan a responsabilidade expresa da docencia da materia.

A derradeira folla de cada acta, ademais da sinatura dos profesores, indicará explicitamente nome e apelidos destes. Igualmente, nesta última folla o secretario do centro realizará o recoñecemento da sinatura do profesor, asinaraa e selaraa.

Se por perda de relación coa Universidade, falecemento ou causa análoga o profesor encargado da materia non puidera asina-la acta, esta será asinada en tódalas súas follas polo secretario do departamento, e na derradeira polo secretario do centro, que fará consta-las causas de que o profesor encargado non asinara, ademais do recoñecemento de sinatura consonte o disposto no parágrafo anterior.

## **22. ENTREGA DAS ACTAS DE EXAME**

As actas de exame de cada convocatoria deberán ser entregadas na secretaría dos centros de xeito improrrogable nos quince días seguintes á data de finalización do respectivo período oficial de exames establecido no calendario escolar da USC. A ampliación deste prazo, sempre por causas excepcionais, deberá contar coa autorización expresa do Secretario Xeral. O Secretario do Centro procederá a súa remisión inmediata ás U.X.A.S, sen necesidade de agardar pola entrega da totalidade das actas.

A Secretaría Xeral da Universidade desenvolverá os aspectos de confección, cumprimentación, entrega, depósito e custodia, así como os procedementos de rectificación das actas.

## **23. CONSERVACIÓN E CUSTODIA DAS ACTAS**

As actas serán depositadas posteriormente para a súa conservación, custodia e xestión nas dependencias das Unidades de Xestión Académica.

Nos centros depositarase unha copia da acta que carecerá de efectos certificantes.

Correspóndelle ó Secretario Xeral da Universidade a custodia das actas. Baixo a supervisión do Secretario Xeral adxunto, o xefe da Unidade de Xestión Académica terá a responsabilidade encomendada, de estricto cumprimento, do depósito e custodia das actas.

## **24. MODIFICACIÓNS DAS ACTAS**

En calquera caso as actas poderán ser modificadas, sempre que a modificación sexa favorable ó alumno, sen necesidade de instruír procedemento ningún e coa súa comparecencia na Unidade de Xestión Académica, polos profesores asinantes nos prazos que se establezan na normativa sobre elaboración e modificación de actas.

# CAPÍTULO II. EXPEDIENTES E CERTIFICACIÓNS

## **25. UNIDADE DE EXPEDIENTE ACADÉMICO**

O expediente académico do alumno reflectirá tódalas incidencias académicas que afecten ós estudos que cursou ou está a cursar.

O expediente académico será único por alumno, e poderase separar en varias pezas por titulacións. Neste suposto, a peza principal será a da primeira titulación na que iniciara estudos, e débese facer constar tal circunstancia tanto na peza principal como nas separadas.

## **26. CERTIFICACIÓNS**

O acto de certificación será verbo dunha ou varias titulacións.

Os modelos de certificacións deberán ser previamente aprobados polo Secretario Xeral da Universidade.

## **27. CERTIFICACIÓNS DE EXPEDIENTES TRASLADADOS**

Nos supostos de expedientes trasladados deberase reflectir tódolos extremos académicos da universidade de procedencia, sen prexuízo das adaptacións e validacións que nesta Universidade poidan realizarse.

As certificacións que se expidan deberán reflecti-lo expediente da universidade de orixe de xeito diferenciado o desta Universidade.

## **28. CONSERVACIÓN E CUSTODIA DE EXAMES**

Os exames ou probas, xa sexan parciais ou finais, que foran realizados por escrito ou por calquera outro medio que permita deixar constancia deles, deberán ser conservados polos profesores encargados da materia polo menos seis meses dende a data final de entrega das actas, agás nos supostos de que estea en curso un expediente administrativo ou xudicial, ou que por outras normas se establezan prazos maiores.

# TÍTULO IV. RÉXIME DE TRASLADOS

## CAPÍTULO I. REQUISITOS PARA O INICIO E CONTINUACIÓN DE ESTUDIOS

### **29. INICIO DE ESTUDIOS (1)**

#### **29.1 Inicio de estudos en titulacións con límite de prazos**

**Os alumnos ós que lles corresponda inicia-los estudos nunha universidade que non pertenza ó Sistema**

**Universitario Galego, e que soliciten o ingreso nunha titulación con limitación de prazas da Universidade de Santiago de Compostela, deberán xustificalo cambio de residencia mediante a acreditación dalgunha das seguintes circunstancias:**

- a) Se-lo alumno, seus pais, titor ou cónxuxe, residente na Comunidade Autónoma de Galicia con, polo menos, un ano de antigüidade ó inicio do curso.**
- b) Acredita-la residencia ininterrompida durante cando menos, cinco anos na Comunidade Autónoma de Galicia, dalgún familiar ata o terceiro grao de consanguinidade ou segundo de afinidade.**
- c) Se-lo solicitante, seus pais, titor ou cónxuxe, traballador en calquera empresa con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- d) Se-lo solicitante, seus pais, titor ou cónxuxe, funcionario en activo en calquera das administracións públicas, con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- e) Atoparse o alumno cumprindo o Servicio Militar ou Prestación Social Substitutoria na Comunidade Autónoma de Galicia.**

**Non será necesario acreditar ningunha das circunstancias do número anterior se o alumno solicita o ingreso en estudos que non se dispensan na universidade ou universidades que lle corresponda.**

## **29.2 Inicio de estudos en titulacións sen límite de prazas**

Os alumnos ós que lles corresponda iniciar estudos noutra universidade e desexen inicialos en titulacións da Universidade de Santiago de Compostela que non teñen límite de prazas, deberán solicita-la admisión na titulación elixida, acreditando que reúnen os requisitos legalmente esixidos para o acceso á Universidade.

## **30. CONTINUACIÓN DE ESTUDIOS**

### **30.1 Continuación en titulacións con límite de prazas**

Os centros das titulacións con limitación de prazas, no primeiro ciclo, no segundo ciclo ou en ambos, poderán propoñer á Xunta de Goberno que se estableza un límite para traslados. Este límite non poderá ser inferior ó dez por cento das prazas que se autoricen para alumnos de novo ingreso.

#### **30.1.1 CONTINUACIÓN EN TITULACIÓNS SEN COTA DE PRAZAS PARA TRASLADOS**

- a. Os alumnos deberán acreditar ter superados o primeiro curso completo deses estudos, no caso de ensinanzas non renovadas ou 60 créditos no caso de ensinanzas renovadas. (RD 69/2000 do 21 de xaneiro)
- b. En ámbolos dous casos non poderán ter esgotadas as convocatorias establecidas nas normas de permanencia segundo a normativa da USC. Non se terá en conta este requisito no caso de aplicación do artigo 34 das Normas de Xestión Académica.

Cando un estudante non reúna os requisitos establecidos nos dous apartados anteriores quedará sometido ó rexime xeral de adxudicación de prazas regulado no RD 69/2000 do 31 de xaneiro.

#### **30.1.2 TITULACIÓNS CON COTA DE PRAZAS PARA TRASLADOS**

Os alumnos que soliciten o traslado deberán reuni-los requisitos académicos establecidos no apartado anterior.

Para a resolución das solicitudes de traslado terase en conta os seguintes criterios de preferencia:

1º.- Resolveranse primeiro as solicitudes que reunindo os requisitos para o traslado sexan presentadas antes do 31 de xullo.

2º.- De resultaren prazas non adxudicadas, resolveranse as presentadas entre o 1 de agosto e o 15 de outubro, e mais aquelas que se presentaran no primeiro prazo e non se admitiran por careceren (na convocatoria de xuño) dos requisitos académicos esixidos e reuniran os requisitos xerais .

3º.- As solicitudes ordenaranse pola cualificación do expediente que resulte da aplicación dos criterios xerais acordados polo Consello de Universidades que sinala a disposición final segunda do Real Decreto 1497/1987 do 27 de novembro na redacción dada polo Real Decreto 1267/1994 do 10 de xuño e mailo establecido na norma 17.3 das Normas de Xestión Académica.

4º.- Unha vez valorados os expedientes, e sen prexuízo da notificación individual, farase pública unha resolución na que figuren tódolos alumnos admitidos e os excluídos, ordenados consonte a cualificación do seu expediente.

### **30.1.3 TRASLADOS DENDE UNIVERSIDADES PRIVADAS OU DA IGREXA**

Os alumnos procedentes de universidades privadas ou da Igrexa, para continuar estudos de primeiro ou segundo ciclo nas titulacións con límite de prazas que se imparten na USC, ademáis do requisito de ter superado integramente o primeiro curso de planos non renovados ou 60 créditos de planos renovados, non poderán ter esgotadas as convocatorias establecidas segundo as normas de permanencia da Universidade deberán ter ademáis unha cualificación nas probas de acceso á Universidade igual ou superior a do último alumno admitido nesa titulación no curso anterior.

Acreditados os tres requisitos procederá a súa resolución consonte ó disposto no parágrafo *anterior*.

### **30.2 ADMISIÓN DE ESTUDIANTES CON ESTUDIOS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS**

#### **30.2.1 CONTINUACIÓN EN TITULACIÓNS SEN COTA DE PRAZAS PARA TRASLADOS**

Para ser admitido deberá validárselle ó menos unha materia no caso de planos non renovados ou 15 créditos no caso de planos renovados.

#### **30.2.2 TITULACIÓNS CON COTA DE PRAZAS PARA TRASLADOS**

Para ser admitidos deberá validárselle ó menos o primeiro curso completo no caso de titulacións non renovadas ou 60 créditos no caso de planos renovados. A valoración de expedientes realizarase segundo as normas que para os efectos establece a USC.

No caso de que estes alumnos non obteñan a validación parcial de estudos deberán supera-las PAAU agás que os estudos preuniversitarios validados lles dean acceso directo á Universidade.

## **CAPÍTULO II. NORMAS XERAIS DE TRASLADOS**

### **31. PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes de inicio ou continuación de estudos en titulacións que imparta a Universidade de Santiago de Compostela deberán presentarse nas Unidades de Xestión Académica correspondentes á súa titulación, entre os días 1 de xullo e 15 de outubro, e consonte o que se dispón a seguir:

- a) Para titulacións que non teñan cota para traslados, poderase presentar entre o 1 de xullo e o 15 de

outubro.

b) Para titulacións con cota de prazas poderá presentarse en calquera dos seguintes prazos: entre o 1 e o 31 de xullo, ou entre o 1 de agosto e o 15 de outubro.

As instancias presentadas no primeiro prazo resolveranse preferentemente respecto das segundas e consonte o disposto no apartado 30.1.2 do presente acordo.

Para os supostos en que sexa de aplicación o procedemento de ingreso en titulacións con límite de prazas rexerán os prazos específicos que se establezan.

## **32. TRAMITACIÓN**

**32.1** As solicitudes de admisión para continuar ou iniciar estudos en titulacións da Universidade de Santiago de Compostela serán resoltas conforme ó disposto no presente acordo, resolucións rectorais que o desenvolvan e nas disposicións vixentes que sexan de aplicación ó caso, e deben ser notificadas ós interesados para os efectos de tramitación de traslado de expediente.

**32.2** Os alumnos que non reúnan os requisitos para aceptación do traslado consonte o establecido no presente acordo poderán presentar solicitude de ingreso en titulacións con límite de prazas.

## **33. CAMBIO DE MATRÍCULA NO PRIMEIRO CURSO EN TITULACIÓNS CON LÍMITE DE PRAZAS**

**33.1** Os alumnos matriculados no primeiro curso dunha titulación con límite de prazas, poderán solicita-lo cambio de matrícula a partir do curso académico seguinte ó que iniciaran estudos, para continua-los mesmos estudos que se impartan en centros da Universidade ou adscritos a ela sitos en localidade distinta. Estas solicitudes resolveranse favorablemente en calquera suposto.

**33.2** Poderá autorizarse un novo cambio de centro, durante o mesmo curso académico cando os alumnos que o pidan reúnan os requisitos para acada-la titulación polo centro de orixe

## **34. ALUMNOS CON CONVOCATORIAS ESGOTADAS NALGUNHA MATERIA**

Se o alumno que solicita o traslado tivese esgotadas convocatorias nalgunha materia, consonte o réxime xeral de convocatorias da universidade de Santiago de Compostela, admitirase o traslado se a universidade de orixe reconece a reciprocidade de trato ós alumnos da Universidade de Santiago de Compostela con convocatorias esgotadas, para que, respecto das materias con convocatorias esgotadas, renda exame por unha soa vez.

## **35. ALUMNOS QUE ACCEDERON Á UNIVERSIDADE A TRAVÉS DAS PROBAS PARA MAIORES DE VINTECINCO ANOS**

As solicitudes de traslado para continua-los mesmos estudos xa iniciados noutra universidade, presentadas polos alumnos que accedesen á universidade a través das probas para maiores de vinte e cinco anos, resolveranse consonte o disposto para as titulacións non sometidas a limitación de prazas no primeiro curso.

## **36. ADMISIÓN DO EXPEDIENTE DE ALUMNOS DESTA UNIVERSIDADE ESGOTARAN OU NON CONVOCATORIAS NELA.**

Autorízase a admisión do traslado de expediente académico dos alumnos que esgotaron convocatorias nalgunha materia e que, tras superala noutra universidade, desexen trasladar novamente o seu expediente a esta Universidade para que, trala súa validación no seu expediente, poidan solicita-la expedición do título.

Tamén se autoriza a admisión do traslado, nos mesmos termos que no caso anterior, ós alumnos que tivesen realizado ó menos o 80% das materias correspondentes á súa titulación nesta universidade.

Para ámbolos dous casos a solicitude do traslado de expediente poderá presentarse en calquera momento.

### **37. ALUMNOS PROCEDENTES DA UNIVERSIDADE DA IGREXA**

Para os efectos da admisión para a continuación de estudos en titulacións, tanto con límite de prazas como sen límite, por parte de alumnos que procedan de universidades da Igrexa, non se terán en conta as materias que sexan de ensinanzas eclesiásticas, e que non formen parte dos planos de estudos das ensinanzas que se imparten na Universidade de Santiago de Compostela.

De ser admitido o alumno, os xefes das Unidades de Xestión Académica poñerán en coñecemento dos centros que o alumno procede dunha universidade da Igrexa, por se estiman pertinente a realización dunha proba de conxunto sobre as materias que lle puidesen ser validadas.

### **38. INGRESO EN TITULACIÓNS CON PLANOS DE ESTUDIO EN PROCESO DE EXTINCIÓN**

As solicitudes de traslado de alumnos para a continuación de estudos consonte planos en proceso de extinción, resolveranse consonte os criterios establecidos no presente acordo e o que se dispón a seguir:

#### **38.1 Inicio e continuación de estudos en titulacións en planos en proceso de extinción.**

Non se procederá á admisión de ningún alumno de novo ingreso para cursar titulacións por planos de estudos en proceso de extinción, agás que, tralos procesos de validación, resulte que ten superadas tódalas materias que estean extintas.

Soamente se lles permitirá formalizar matrícula nos planos de estudio en proceso de extinción ós alumnos procedentes de traslados nos supostos de que as materias nas que pretendan formalizar matrícula se impartan, por non terse extinguido o curso, ou estivesen no período transitorio de dous anos seguintes á extinción do curso.

De non impartirse as materias ou estar xa rematado o período transitorio subseguinte, se o alumno desexa continuar estudos, deberá adaptarse ó novo plano.

#### **38.2 Continuación de estudos en planos en extinción por parte de alumnos que iniciaran estudos en planos renovados**

Admitirase o traslado para a continuación de estudos en planos en proceso de extinción dos alumnos que nas universidades de procedencia os iniciaran consonte a planos renovados, se reúnen os dous requisitos seguintes:

- Que a incorporación ó plano de estudos renovado na Universidade de Santiago de Compostela supoña un atraso, dado o diferente ritmo de implantación do plano de estudos.
- Que tralos procesos de adaptación non deba superar ningunha materia que estea extinguida definitivamente.

### **39. TRASLADOS DE ALUMNOS QUE ACCEDERAN Á UNIVERSIDADE POR VALIDACIÓN DE ESTUDIO ESTRANXEIROS**

Os traslados dos alumnos que ingresaran en calquera universidade española por validación de estudos estranxeiros resolveranse consonte os criterios xerais de traslados establecidos no presente acordo.

# **TÍTULO V. ADAPTACIÓNS E VALIDACIÓNS**

## **CAPÍTULO I. ÁMBITO DE APLICACIÓN E CONCEPTOS**

### **40. ÁMBITO DE APLICACIÓN**

As normas de adaptación e validación que se establecen no presente acordo serán de aplicación para tódolos planos de estudio conducentes a titulacións oficiais vixentes na Universidade de Santiago de Compostela.

### **41. CONCEPTOS**

**ADAPTACIÓNS.-** Entenderase por adaptación os seguintes actos:

- a) O acto polo que se lles recoñece eficacia académica ós estudos superados consonte un plano de estudos en proceso de extinción, noutro de nova implantación e que o substitúe.
- b) Tamén terá a consideración de adaptación o acto polo que se lles recoñece eficacia académica ás materias que se impartan no mesmo grupo de docencia, ou que se consideren unidas ós efectos de impartición no Plano Docente Anual tanto se corresponden á mesma titulación ou a outra distinta.
- c) O acto polo que se lles recoñece eficacia académica ós estudos realizados consonte un plano de estudos doutra universidade, nun plano de estudos da Universidade de Santiago de Compostela, no suposto de que ámbolos dous planos conduzan á mesma titulación oficial.

**VALIDACIÓNS.-** A validación é o acto polo que se lles recoñecen efectos académicos ós estudos universitarios realizados consonte un plano de estudos, noutro plano de estudos conducente a distinta titulación.

O recoñecemento de estudos realizados en universidades estranxeiras ou en institucións análogas realizarase polo procedemento de validación.

## **CAPÍTULO II. ADAPTACIÓNS**

### **42. ADAPTACIÓN OBRIGATORIA E VOLUNTARIA**

#### **42.1 Adaptación obrigatoria**

Os alumnos que estean cursando un plano de estudos que está a ser substituído por outro, de non supera-las materias do plano en extinción, se desexan continua-los mesmos estudos, deberán adaptarse ó novo plano de estudos.

Este suposto implicará o inicio dun novo expediente académico, o mantemento das cualificacións das materias superadas e que sexan adaptadas, e o comezo de novo do cómputo das convocatorias verbo de tódalas materias que resten por superar no novo plano de estudos.

## **42.2 Adaptación voluntaria**

Os alumnos que están realizando estudos consonte un plano de estudos que está a ser substituído por outro, poderán solicita-la continuación dos seus estudos polo plano de nova implantación.

## **42.3 Adaptación obrigatoria e voluntaria**

Co obxecto de facilita-la conclusión dos estudos polos planos en procesos de extinción, o Rectorado, á vista do expediente do alumno e dos informes dos centros, poderá autorizar a realización ata un máximo de 3 materias consonte un plano renovado para que sexan imputadas a un plano en proceso de extinción.

Superadas as materias, recoñeceranse plenos efectos dentro do plano de orixe do alumno recoñecéndoselle a cualificación outorgada.

A resolución rectoral que autorice esta matrícula establecerá a correspondencia entre as materias do plano en extinción e as do plano novo.

## **43. CRITERIOS QUE SE SEGUIRÁN NOS EXPEDIENTES DE ADAPTACIÓN**

### **43.1 Adaptacións por causa de substitución de planos de estudio**

Neste suposto estarase ó disposto nos cadros de adaptación que establezan os respectivos planos de estudio.

### **43.2 Adaptacións a causa de continuación de estudos**

Para estes efectos, teranse en conta os criterios adoptados polo Consello de Universidades, feitos públicos no Anexo I do Real Decreto 1267/1994, do 10 de xuño (B.O.E. do 11), que modifica o Real Decreto 1497/1987, do 27 de novembro, sobre directrices xerais comúns ós planos de estudio, e as seguintes normas:

#### **43.2.1 Adaptación íntegra do primeiro ciclo.-**

Con independencia do que establezan os cadros de adaptación de cada plano de estudos poderá adaptarse integramente o primeiro ciclo do plano vello polo primeiro ciclo dos mesmos estudos do plano renovado previo informe favorable dos centros. Esta adaptación realizarase de acordo co punto 43.2.5.

Para a adaptación das demais materias estarase ó que establezan os cadros de adaptación do plano de estudos.

#### **43.2.2 Adaptación de materias troncais.-**

Se o alumno superou toda a materia troncal adaptarase integramente.

Se a materia troncal dividise en disciplinas, a declaración de validación farase respecto da materia e singularizaríase por cada unha das disciplinas das que conste.

Se a materia troncal non a tivese integramente superada, por estar dividida en disciplinas, a declaración de adaptación farase exclusivamente respecto das disciplinas que tivera superadas.

#### **43.2.3 Libre configuración curricular**

As materias, seminarios ou actividades académicas que figuren no expediente do alumno para a libre configuración curricular, serán adaptadas en calquera suposto.

#### **43.2.4 Adaptación parcial**

Non procederá a adaptación parcial de ningunha disciplina.

#### **43.2.5 Adaptación dos primeiros ciclos**

Nos supostos en que deba adaptarse integramente o primeiro ciclo, realizarase unha declaración xenérica de adaptación do ciclo e non se reflectirá cualificación ningunha.

### **44. CUALIFICACIÓN**

Nas materias ou disciplinas que resulten adaptadas, deberá reflectirse a mención "adaptada", e maila cualificación que o alumno acadara na materia obxecto da adaptación.

Se a materia estivese estruturada en disciplinas, a cualificación obteríase consonte o seguinte: suma dos créditos superados, multiplicados cada un deles polo valor da cualificación que corresponda, e dividido polo número de créditos totais da disciplina de que se trate. Non se terán en conta os créditos que non teñan cualificación.

## **CAPÍTULO III . VALIDACIÓN**

### **45. ESTUDIOS VALIDABLES**

Serán susceptibles de seren validadas as materias ou disciplinas que formen parte de planos de estudos conducentes a títulos oficiais, xa se impartan en universidades públicas, privadas ou da Igrexa ou nos centros adscritos a calquera delas. Igualmente serán validables as materias cursadas en réxime de equivalencia.

A Xunta de Goberno establecerá aqueles estudos que sen ter carácter universitario sexan susceptibles de seren validados

### **46. CRITERIOS QUE SE SEGUIRÁN NOS EXPEDIENTES DE VALIDACIÓN**

Para estes efectos, teranse en conta os criterios adoptados polo Consello de Universidades feitos públicos no Anexo I do Real Decreto 1267/1994, do 10 de xuño (B.O.E. do 11), que modifica o Real Decreto 1497/1987, do 27 de novembro, sobre directrices xerais comúns ós planos de estudio, e as seguintes normas:

1ª.- A unidade básica de validación será a disciplina, con contido e carga lectiva que sexan equivalentes, indiferentemente do ciclo e titulación na que sexa impartida.

2ª.- Non procederá en ningún suposto a validación como materias para a libre configuración curricular daquelas que sexan de contido idéntico ou semellante ás que formen parte do plano de estudos que está a realiza-lo alumno.

3ª.- Así mesmo, tampouco poderán ser validables para a libre configuración curricular as materias, créditos por equivalencia, seminarios ou actividades que formen parte dun título ou ciclo de estudos que dean acceso a titulacións de só segundo ciclo ou a segundos ciclos conducentes a títulos diferentes ós iniciados.

4ª.- Non procederá en ningún suposto a validación parcial de materias ou disciplinas.

## **47. CUALIFICACIÓN**

As materias validables serán reflectidas no expediente coa mención "validada", e non se reflectirá cualificación ningunha. Os efectos de valoración curricular terán unha equivalencia dun punto.

As materias que sexan recoñecidas como de libre elección manterán en calquera caso a cualificación obtida, xa fose outorgada nesta universidade ou noutras universidades.

## **48. NORMAS ESPECÍFICAS PARA VALIDACIÓN DOS COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN**

Para a validación dos complementos de formación terase en conta se a materia da que se solicita a validación cumpre os requisitos que establecen as respectivas ordes que implantan os complementos de formación, aínda que non coincidan coas materias que compoñan os complementos que se imparten nesta Universidade.

## **49. EFICACIA DAS VALIDACIÓNS OU ADAPTACIÓNS**

As adaptacións e validacións producirán efectos dende que se dicte a resolución que as recoñeza.

Se as adaptacións e validacións reportasen prezos públicos, os efectos comenzarán dende que se acredite o pagamento correspondente.

O pagamento dos prezos que se reporten poderá realizarse fraccionadamente por materias ou disciplinas en sucesivos cursos académicos, sempre que o plano de estudos para o que se dictou a resolución non fora modificado nas materias validadas ou adaptadas.

# **CAPÍTULO IV. NORMAS COMÚNS A ADAPTACIÓNS E VALIDACIÓNS**

## **50. EFECTOS NO CURRÍCULO DO ALUMNO**

**50.1** As materias ou disciplinas adaptadas ou validadas consideraranse superadas para tódolos efectos e, por conseguinte, non son susceptibles de novo exame.

**50.2** Se tralos procesos de validación ou adaptación, os alumnos que están a estudar licenciaturas, agás medicina ou arquitectura, non acreditaran a superación de polo menos 300 créditos, deberán cursar materias non cursadas da titulación que estean a realizar ata cubri-lo mínimo de créditos esixido. De non te-la titulación materias suficientes, a dirección do centro determinará as materias doutras titulacións que deberá cursa-lo alumno.

Para titulacións de só segundo ciclo, ou nos supostos de que se accedera a segundos ciclos que non sexan continuación do primeiro ciclo iniciado, ou de titulacións de só primeiro ciclo, no cómputo dos trescentos créditos teranse en conta os créditos da titulación ou ciclo que lles recoñece o acceso.

## **51. ÓRGANOS COMPETENTES NO PROCEDIMENTO DE ADAPTACIÓNS E VALIDACIÓNS (3)**

As adaptacións e validacións serán resoltas en todo caso polo Rector, tralo informe dos órganos correspondentes de cada centro. Non será preciso este informe cando o alumno teña superada integramente a materia troncal. Neste

caso aplicárase o criterio establecido polo Consello de Universidades para a resolución da adaptación das materias troncais.

Para os efectos de axilización procedemental, e sen prexuízo da necesidade da resolución expresa, as comisións académicas de cada titulación poderán, consonte os antecedentes, establecer táboas de adaptación e validación entre materias de diferentes titulacións, de tal xeito que os alumnos poderán formalizar matrícula coa presunción de adaptación ou validación das devanditas materias.

Os recoñecementos de validación como materias de libre elección de materias superadas en outras titulacións da Universidade de Santiago de Compostela e que se desexen imputar á titulación que o alumno está a seguir, recoñeceranse, e sen necesidade do informe do centro, se nos acordos da Xunta de Goberno que aproben as materias de libre elección para cada curso académico non figurara como excluída por ter contidos idénticos ou moi similares para a titulación no que se pretenda imputar.

**51.1. EFICACIA DAS TÁBOAS DE CADROS DE VALIDACIÓN.** Os cadros de validación e adaptación que foron aprobados polas Comisións dos Centros servirán para o recoñecemento das validacións ou adaptacións sen necesidade de provocar novos acordos das comisións competentes e serán executados directamente polas unidades de xestión académica.

**51.2. VIXENCIA E MANTEMENTO DAS TÁBOAS.** Estas táboas de validación terán polo menos unha vixencia dun curso académico. A supresión de materias, ampliación, ou calquera outra modificación deberá ser comunicada polos centros ó Servicio de Alumnado, que será o responsable do mantemento e actualización do libro de validacións e adaptación en calquera soporte.

O prazo para a notificación das modificacións será ata o 30 de abril de cada curso académico para que produzan efectos no curso seguinte. No caso de que non se teña producido esta comunicación ó Servicio de Alumnado entenderase prorrogado o libro durante o curso seguinte.

**51.3. Difusión.-** O Rectorado fará a correspondente difusión nos centros, departamentos, unidades administrativas e alumnos do *Libro de validacións e adaptacións da USC*.

## **52. PRAZOS DE SOLICITUDE E RESOLUCIÓN**

### **52.1 Prazos de solicitude**

As solicitudes de adaptación e validación de estudos poderán presentarse durante todo o curso, se ben só darán dereito a modificar ou anular matrícula conforme o disposto no artigo 13 sobre modificacións particulares, as solicitudes presentadas no prazo de matrícula ordinario

### **52.2 Prazos de resolución**

Sobre as solicitudes de adaptación e validación, deberán emitir informe os órganos competentes no prazo máximo dun mes dende a finalización do prazo de solicitudes.

Como consecuencia das resolucións de adaptación ou validación os alumnos, de teren feita a matrícula, poderán modificala no prazo de dez días dende a recepción da resolución se non foran validadas ou adaptadas tódalas as materias que solicitara.

# **TÍTULO VI . ACCESO ÓS SEGUNDOS CICLOS**

## **CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS**

### **53. CONDICIÓN DE ACCESO Ó SEGUNDO CICLO.**

**53.1.-** O acceso ó segundo ciclo poderá estar sometido a limitación de prazas. A Xunta de Goberno poderá dictar normas que permitan un acceso equilibrado das diferentes titulacións ou estudos de primeiro ciclo ós que se lles recoñeza acceso a estudos de segundo ciclo, podendo establecer quendas de acceso..

**53.2.-** A limitación de prazas non afectará ós alumnos para os que o segundo ciclo sexa continuación directa dos estudos iniciados no mesmo centro e titulación. Os alumnos que soliciten o ingreso para continua-los mesmos estudos iniciados noutras universidades, someteranse ó procedemento de traslados.

**53.3** .- O ingreso en estudos con limitación de prazas requirirá a solicitude previa dos alumnos interesados. A solicitude e mailo procedemento para a súa resolución rexeranse polo presente acordo e mailo establecido no Real Decreto 69/2000, do 21 de xaneiro polo que se regulan os procedementos de ingreso nos centros universitarios dos estudantes que reúnan os requisitos legais necesarios para o acceso á Universidade.

**53.4.-** Os alumnos que estean en posesión dun primeiro ciclo ou dunha titulación de primeiro ciclo que lle recoñeza o acceso a outros segundos ciclos ou titulacións de só segundo ciclo soamente poderán solicita-lo ingreso nos ditos estudos a través do disposto neste acordo.

**53.5.-** En consonancia co anterior, non poderán solicita-lo ingreso no primeiro ciclo da mesma titulación, alegando estar en posesión dun título universitario, probas de acceso á universidade, formación profesional ou calquera outro título que recoñeza o acceso á universidade. No suposto de que o alumno solicite, en primeira convocatoria, o ingreso no primeiro ciclo dunha titulación por non ter superado o primeiro ciclo que lle recoñece o acceso ó segundo ciclo, e a superase na segunda convocatoria do curso, procederase á anulación de tódalas actuacións efectuadas, incluso a matrícula que puidese ter feita, e tomarase en consideración a solicitude do alumno como solicitude de ingreso en estudos de segundo ciclo coa prelación de setembro. *Agás os alumnos da Titulación de Farmacia que foron seleccionados na primeira convocatoria do curso para a realización das Estadías e que rematan as mesmas no mes de Setembro. A súa solicitude tramitarase coa prelación de xuño no caso de que superen as Estadías e sempre que a súa cualificación para a titulación solicitada con maior preferencia sexa superior á do último alumno admitido na mesma.*

**53.6.-** Nos estudos que non estean sometidos a limitación de prazas, o ingreso realizarase mediante a formalización de matrícula nos prazos que con carácter xeral se establezan.

**53.7.-** No suposto de que o acceso ó segundo ciclo de estudos de titulacións de primeiro e segundo ciclo, non estea sometido a limitación de prazas, aínda que o ingreso a través do primeiro ciclo si, considerarase para os alumnos que accedan ó segundo ciclo consonte o procedemento establecido na presente resolución, que a titulación non está sometida a limitación de prazas.

## **54. DOS COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN**

**54.1** Os centros nos que se impartan ensinanzas de segundo ciclo ás que se poidan incorporar alumnos co primeiro ciclo doutra titulación, deberán implantar, se así se requirise, os complementos de formación que sexan necesarios.

**54.2** A implantación dos complementos de formación deberase realizar de tal xeito que, no momento de implantación do segundo ciclo, os alumnos poidan incorporarse a este.

**54.3** Os complementos de formación que en cada caso se requiran poderanse cursar das seguintes formas:

- a) Simultaneamente ás ensinanzas do primeiro ciclo.
- b) Simultaneamente ás ensinanzas do segundo ciclo.

**54.4** En ámbolos supostos, se os complementos de formación non coincidisen coas materias que compoñan o plano de estudos, deberase especifica-lo carácter de complementos de formación da materia.

**54.5** Se os complementos de formación fosen materias propias do plano de estudos, estes deberanse cursar de acordo coa ordenación temporal das materias que estableza o plano de estudos.

**54.6** De estar sometido a limitación de prazas o acceso ó segundo ciclo, a superación dos complementos de

formación ou acredita-la validación dos mesmos, non suporá o dereito de acceso ó segundo ciclo.

**54.7** As materias que configuren os complementos de formación e que non formen parte do primeiro ciclo dos planos de estudo, poderán cursarse como materias de libre elección, se ben a superación das mesmas non implica o dereito de realiza-los estudos de segundo ciclo se estes estivesen sometidos a limitación de prazas.

**54.8** Os complementos de formación superados polo estudante en calquera universidade serán recoñecidos academicamente na Universidade de Santiago, aínda cando a determinación dos mesmos, de se-lo caso, fose diferente.

## **55. EXPEDIENTE ACADÉMICO**

Nos expedientes académicos dos alumnos que accedan ó segundo ciclo de ensinanzas universitarias, conforme o establecido no presente acordo, deberá reflectirse separadamente as materias correspondentes ós complementos de formación.

## **CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO DE INGRESO NOS SEGUNDOS CICLOS SOMETIDOS A LIMITACIÓN DE PRAZAS**

### **56. SOLICITUDE**

.- En cada curso académico, mediante resolución rectoral, realizarase unha convocatoria para que os alumnos poidan solicita-lo ingreso nos segundos ciclos con límite de prazas, que deberá conter como mínimo:

- a) Titulacións sometidas a limitación.
- b) Número de prazas.
- c) Porcentaxe aprobado pola Comunidade Autónoma para alumnos doutras universidades segundo o RD69/2000 do 21 de xaneiro.
- d) Prazo de presentación.
- e) Requisitos xerais para o acceso.
- f) Complementos de formación que se cursarán por cada titulación ou primeiro ciclo con acceso.

### **57. A convocatoria desenvolverase en tres fases independentes:**

**1ª Fase de Xullo:** para os alumnos que posúan a titulación que lles dea acceso dentro do prazo de solicitude que se estableza no mes de Xullo, e dicir, aqueles que remataran os estudos de acceso na convocatoria de xuño ou en anos anteriores, e presenten a solicitude dentro do prazo.

**2ª Fase de Outubro:** para os alumnos que rematen na convocatoria de setembro os estudos que lles dan acceso, así como aqueles que, aínda que podían presenta-la solicitude na primeira convocatoria, non o fixeran, e soamente para aquelas titulación nas que resultaran prazas vacantes na fase anterior.

**3ª fase tra-lo 1º cuadrimestre:** para os alumnos que reunan os requisitos académicos para o acceso e desexen formaliza-la matrícula en aquelas titulacións nas que tralas dúas convocatorias ordinarias resultaran prazas vacantes.

## **58. Agrupación de titulacións e quendas**

**58.1.-** De ter fixado límite de prazas e os efectos do disposto no Real Decreto 69/2000, de 21 de xaneiro, as titulacións agrúpanse do xeito seguinte:

GRUPO I.- Titulacións con acceso ó 2º ciclo e que este é continuación directa dun 1º ciclo implantado.

L. Administración e Dirección de Empresas  
(Santiago)

L. Economía

L. Xornalismo

L. Filoloxía (todas)

Enxeñeiro Químico

L. Química (Santiago)

L. Matemáticas

L. CC. Políticas e da Admón.

L. Bioloxía

L. Pedagogía

L. Humanidades

GRUPO II.- Titulacións de ciclo longo nas que a USC só ten implantado o segundo ciclo .

L. Administración e Dirección de Empresas (Lugo)

L. Química (Lugo)

Enxeñeiro Agrónomo

Enxeñeiro de Montes

GRUPO III.- Titulacións de só 2º ciclo implantadas:

L. Psicopedagogía

L. Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos

## **58.2 .- DAS QUENDAS**

58.2.1.Á reserva de prazas que realice a Comunidade Autónoma, no caso de titulacións dos grupos I e II, para estudantes procedentes doutras universidades non se dividirá en quendas segundo as titulacións de acceso.

58.2.2. No caso de que o acordo polo que se aprobaran ós límites de prazas establecera quendas de ingreso nunha determinada titulación e que unha vez resoltas tódalas solicitudes dunha determinada quenda, quedaran prazas vacantes, estas acumularíanse ó resto das quendas da titulación consonte as seguintes regras:

- a. Nas titulacións incluídas nos grupos I e II da norma 58.1, as prazas non cubertas das reservadas no porcentaxe fixado pola Comunidade Autónoma, acumularíanse ás prazas dos alumnos da USC.
- b. De resultar vacantes as prazas reservadas a unha titulación de acceso, acumularanse proporcionalmente ó resto de titulacións de acceso, e de se-lo caso, consonte ó disposto no acordo da Xunta de Goberno polo que se aproben os límites de prazas.
- c. As acumulacións de prazas faranse en cada convocatoria de xeito que só se ofertarán prazas os solicitantes dunha convocatoria se non quedan solicitudes da convocatoria anterior para cubri-las prazas.

## **59. CRITERIOS DE RESOLUCIÓN DO PROCESO**

Para a resolución do proceso teranse en conta: 1º a procedencia, 2º a cualificación e 3º a preferencia manifestada polo alumno.

**59.1.- procedencia.-** en cada unha das convocatorias soamente consideranse as solicitudes de alumnos doutras universidades:

- a. Para as prazas reservadas na porcentaxe que aprobe a Comunidade Autónoma nas titulacións dos grupos I e II da norma 58.1
- b. As de aqueles que desexen acceder as titulacións incluídas no grupo III da norma 58.1 por non estar implantadas en centros públicos da universidade da que procedan.
- c. No caso de que trala resolución de tódalas peticións de alumnos da USC presentadas en tempo e forma resultaran prazas vacantes
- d. Os alumnos que poidan realiza-los estudos na súa universidade de orixe e soliciten continualos nesta, serán considerados como alumnos da USC se acreditan algún dos requisitos de residencia que se esixen para os alumnos que ingresen no primeiro curso de titulacións con límite de prazas

**59.2.- Cualificación.-** as solicitudes dunha mesma quenda ordenaránse segundo a media do seu expediente académico calculada ó abeiro dos criterios xerais acordados polo Consello de Universidades ós que fai referencia a disposición final segunda do Real Decreto 1497/1987 de 27 de novembro, polo que se establecen directrices xerais comúns dos planos de estudos, na redacción dada polo Real Decreto 1267/1994, de 10 de xuño.

Para o acceso ás titulacións de segundo ciclo ou ós segundos ciclos sometidos a limitación de prazas soamente se valorará o primeiro ciclo dos estudos que acredite o alumno.

No suposto de que os alumnos doutras universidades non poidan achegar certificacións completas do seu expediente, e trala oportuna reclamación, realizarase unha media aritmética dos seus expedientes e serán convocados se tras convocar ó resto de solicitantes, quedasen prazas vacantes.

**59.3.- Preferencia.-** No caso de que o alumno solicite praza en máis dunha titulación da convocatoria, a súa solicitude resolverase consonte as seguintes regras:

- a. No caso de estar convocado á matrícula nunha titulación das solicitadas que non sexa a da súa primeira preferencia, manterase o seu dereito a matrícula ata cubrir tódalas prazas nas titulacións de maior preferencia. Neste momento, deberá matricularse ou ben perderá os seus dereitos respecto da praza adxudicada.
- b. Do mesmo xeito, de ser convocado a matrícula nunha titulación, as solicitudes respecto de titulacións con preferencia menor serán automaticamente desestimadas.

## **60. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO**

En cada fase, rematados os prazos de solicitude e de xestión dos expedientes, faranse públicas as relacións de

alumnos convocados en cada titulación por cada quenda. Ademais, publicarase unha relación de alumnos en lista de agarda á expectativa de vacantes. Xunto con estas relacións convocarase ós alumnos admitidos a formaliza-la matrícula.

As ditas relacións publicadas no Servicio de Alumnado, Vicexerencia do Campus de Lugo e nas Unidades de Xestión Académica terán a consideración de notificación consonte ó disposto nos artigos 59 e 60 da Ley 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola ley 4/1999 de 13 de enero.

## **61. CONVOCATORIA PARA FORMALIZAR MATRÍCULA**

Os alumnos convocados para formaliza-la matrícula, de non o facer nos prazos establecidos, perderán os seus dereitos respecto das prazas adxudicadas, iso sen prexuízo do regulado na norma 59.3 respecto da preferencia.

Formalizada a matrícula en calquera titulación, con ou sen límite de prazas, entenderase que o alumno retira a súa solicitude respecto do resto de titulacións e, polo tanto, anularanse as demais titulacións solicitadas.

De haber prazas vacantes unha vez rematado o prazo de matrícula , realizaríanse sucesivos chamamentos convocando por cada titulación tantos alumnos como prazas vacantes haxa.

## **62. RECLAMACIÓNS Ó PROCEDEMENTO**

Publicadas as relacións a que fai referencia o apartado 60, os alumnos poderán presentar reclamación contra elas no prazo máximo de 10 días naturais contados a partir da data da resolución que as faga públicas nos taboleiros de anuncios. As comunicacións personalizadas que puideran recibir os alumnos non modificarán os prazos de reclamación establecidos.

## **63. INTERPRETACIÓN DAS ORDES MINISTERIAIS DE ACCESO ÓS SEGUNDOS CICLOS E DE MAIS NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

**63.1** .- O recoñecemento que as diferentes ordes ministeriais realizan verbo do acceso a determinadas titulacións para o acceso a titulacións de segundo ciclo ou a segundos ciclos de titulacións de primeiro e segundo ciclo, é tanto para titulacións realizadas polos planos de estudio renovados como para as realizadas por planos anteriores, extintos ou non.

**63.2**.- No suposto de que as denominacións dos planos de estudos renovados non coincidan con aquelas ás que substitúen, entenderase que o recoñecemento do dereito ó acceso a titulacións dos segundos ciclos ou a segundos ciclos doutras titulacións realizarase para ámbalas dúas titulacións.

**63.3**.- Corresponde o Rectorado o mantemento dos grupos de titulacións da norma XX consonte a implantación de novas titulacións ou outras circunstancias que o esixan.

# **TÍTULO VII. CRÉDITOS POR EQUIVALENCIA**

## **CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS**

### **64. CRÉDITOS POR EQUIVALENCIA**

De acordo co que dispoñan os planos de estudio e o presente acordo, poderanse valorar como créditos do currículo

as prácticas en empresas, os traballos academicamente dirixidos, a realización de estudos en universidades estranxeiras coas que se asinase previamente un convenio e calquera outra actividade que figure nos planos de estudio.

Para a realización de créditos por equivalencia seguirase o disposto no presente acordo.

## **65. IMPUTACIÓN DOS CRÉDITOS POR EQUIVALENCIA**

Os créditos que se realicen en réxime de equivalencia imputaranse a materias concretas ou de forma xenérica segundo o que para cada suposto se establece no presente acordo.

## **66. "PRACTICUM"**

O réxime dos créditos por equivalencia que se regula no presente acordo non será de aplicación ó "practicum" que figure nos planos de estudio.

# **CAPÍTULO II. PRÁCTICAS EN EMPRESAS (4)**

## **67. REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS (5)**

1. Soamente serán imputables como créditos por equivalencia as prácticas realizadas en empresas coas que previamente a Universidade asinase o oportuno convenio.
2. As titulacións que non teñen contemplado no seu plano de estudos a realización de prácticas en empresas como créditos por equivalencia poderán realiza-las como actividades académicas. Neste caso os créditos serán imputados a libre elección.

Tamén neste caso será preciso a existencia dun convenio entre a Universidade e a Empresa que deberá reunir os mesmos requisitos que os establecidos para a realización das prácticas en empresas polo sistema de "créditos por equivalencia".

## **68. IMPUTACIÓN DAS PRÁCTICAS EN EMPRESAS**

Os créditos por realización de prácticas en empresas imputaranse de forma xenérica a créditos optativos ou de libre configuración, baixo o epígrafe " Prácticas en empresas".

## **69. CONTIDO DOS CONVENIOS**

**69.1** Os convenios que asine a Universidade para a realización de prácticas en empresas, deberán conter como mínimo os seguintes extremos:

- a) Obxecto das prácticas.
- b) Número de prazas.

- c) Tempo de realización das prácticas.
- d) Horas das que constarán as prácticas e número de créditos que se imputarán.
- e) Titor responsable na empresa para o desenvolvemento das prácticas
- f) Titor ou órgano universitario responsable.
- g) Período de vixencia do convenio.

**69.2** Os convenios serán asinados polo Rector da Universidade, sen prexuízo das delegacións que para iso se poidan realizar.

## **70. CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS**

Para a realización de prácticas en empresas, a Universidade realizará unha única convocatoria para tódalas titulacións, que conterà como mínimo os seguintes extremos:

- a) Empresa ou institución na que se realizarán as prácticas, con expresión do lugar onde se realizarán.
- b) Número de prazas.
- c) Número de horas e equivalencia en créditos dos que constarán as prácticas.
- d) Tempo e horario de realización das prácticas.
- e) Materia ou materias ás que se imputarán as prácticas
- f) Requisitos académicos para concorrer á realización das prácticas.
- g) Prazo de solicitudes.

## **71. SELECCIÓN DOS ALUMNOS**

Nos supostos en que a selección requira doutros elementos co expediente académico, e así se recolla no convenio, o Rectorado establecerá as comisións de selección.

Estas comisións estarán compostas exclusivamente por profesores de universidade, se ben e á vista do convenio, poderán requiri-los informes que estimen oportunos ás autoridades do centro ou profesores-titores e ós representantes das empresas, administracións ou entidades nas que se vai a realiza-la práctica.

## **72. A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DAS PRÁCTICAS EN EMPRESA**

**72.1** A avaliación das prácticas en empresa organizadas polo centro, tanto as realizadas polo sistema de créditos por equivalencia como polo sistema de actividades académicas realizaráa un titor nomeado polo decano ou director de cada centro á vista da memoria que deberá presenta-lo alumno ó final das prácticas e do informe do responsable das prácticas na empresa.

**72.2** As prácticas cualificaranse coas mencións de APTO ou NON APTO .

**72.3** O Estudiante queda obrigado á realización do número total de créditos (segundo a equivalencia da

convocatoria) dos que se matriculou. No caso de non facelos no expediente reflectirase a mención de "NON REALIZADAS".

### **73. IMPUTACIÓN DE CONVOCATORIA**

As materias que se cursen en réxime de equivalencia, de ter unha soa convocatoria, imputaranse á primeira convocatoria na que se realicen exames da materia que se curse en réxime ordinario, e de non relacionarse con materias, imputarase á convocatoria de xuño.

## **CAPÍTULO III. TRABALLOS ACADEMICAMENTE DIRIXIDOS**

### **74. TRABALLOS ACADEMICAMENTE DIRIXIDOS**

O recoñecemento de créditos pola realización de traballos academicamente dirixidos realizarase consonte as previsións e límites que establecen os planos de estudio.

No suposto de que os traballos academicamente dirixidos figuren entre as relacións de materias, e así mesmo nos cadros de xestión dos planos de estudio, non serán excluíntes, debendo entenderse o límite de créditos por equivalencia respecto daqueles traballos academicamente dirixidos que se imputen a outras materias ou como créditos de libre configuración.

### **75. IMPUTACIÓN DOS TRABALLOS ACADEMICAMENTE DIRIXIDOS**

**75.1** Os traballos academicamente dirixidos deberán imputarse a materias troncais, obrigatorias, optativas ou de libre configuración, segundo establezan os planos de estudio.

**75.2** Así mesmo poderán imputarse ó concepto xenérico de "traballos academicamente dirixidos" se así o permitise o plano de estudos.

### **76. PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS ACADEMICAMENTE DIRIXIDOS**

**76.1** Os centros realizarán antes do inicio de cada curso académico, a proposta dos departamentos e nas datas que para tales efectos estableza o Rectorado, unha convocatoria para a realización de traballos academicamente dirixidos, que deberá conte-los seguintes extremos como mínimo:

- a) Liñas do traballo academicamente dirixido e obxectivos.
- b) Materia á que se imputará e número de créditos.
- c) Requisitos académicos para concorrer á realización dos traballos academicamente dirixidos.
- d) Profesor ou profesores que dirixirán o traballo.
- e) Criterios de selección.
- f) Prazo de realización.

g) Prazo de presentación de instancias.

**76.2** A selección de alumnos para a realización de traballos academicamente dirixidos realizaraa o departamento que propuxese a realización dos traballos academicamente dirixidos.

## **77. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DOS TRABALLOS ACADEMICAMENTE DIRIXIDOS**

**77.1** A avaliación dos traballos academicamente dirixidos, realizaraa un tribunal, nomeado polo decano ou director do centro a proposta do departamento que propuxese a realización do traballo academicamente dirixido.

Se o traballo academicamente dirixido se imputara a unha materia concreta, deberá formar parte do tribunal o profesor encargado da materia.

**77.2** Os traballos academicamente dirixidos serán cualificados consonte as normas de cualificación establecidas no presente Acordo.

# **CAPÍTULO IV. ESTUDIOS EN UNIVERSIDADES ESTRANXEIRAS**

## **78. REALIZACIÓN DE ESTUDIOS EN UNIVERSIDADES ESTRANXEIRAS**

**78.1** Poderán imputarse como créditos do currículo, dentro dos límites establecidos nos planos de estudos, a realización de estudos en universidades estranxeiras coas que a Universidade de Santiago teña asinados os oportunos convenios.

**78.2** A presente regulación non é de aplicación ós convenios interuniversitarios de colaboración da Unión Europea, e a realización de estudos a través daqueles non é excluínente da realización de estudos en universidades estranxeiras en aplicación dos convenios que se deriven dos planos de estudio nin estará sometida ós límites que figuran neles.

## **79. IMPUTACIÓN DOS ESTUDIOS REALIZADOS EN UNIVERSIDADES ESTRANXEIRAS**

Os estudos realizados en universidades estranxeiras, ó abeiro do disposto no presente acordo, serán imputados a materias troncais, obrigatorias, optativas ou de libre configuración, segundo o estipulen os planos de estudos.

## **80. COORDINADOR DO CONVENIO**

Por cada convenio que asine a Universidade de Santiago con outras universidades estranxeiras, os centros deberán nomear un coordinador, que se responsabilizará da correcta execución do convenio, tanto na Universidade de Santiago como na estranxeira.

## **81. CONTIDO MÍNIMO DO CONVENIO**

Os convenios que asine a Universidade de Santiago de Compostela con universidades estranxeiras deberán conter como mínimo os seguintes elementos:

a) Obxecto do convenio.

b) No suposto de que fose para cursar materias na universidade estranxeira, determinación das materias que corresponden no plano de estudos que se imparte nesta Universidade.

c) Táboa de equivalencias de cualificacións.

## **82. CONVOCATORIA**

Para cursar estudos en universidades estranxeiras ó abeiro dos convenios que asine a Universidade de Santiago de Compostela, as autoridades de cada centro publicarán unha convocatoria que conterá os seguintes extremos como mínimo:

a) Universidade na que se realizarán os estudos.

b) Idiomas dos que se require coñecemento.

c) Número de horas e equivalencia en créditos de que constarán as prácticas.

d) Período de realización dos estudos.

e) Materia ou materias ás que se imputarán os estudos.

f) Requisitos académicos para concorrer á realización de estudos en universidades estranxeiras.

g) Prazo de solicitudes.

# **CAPÍTULO V. OUTRAS ACTIVIDADES**

## **83. OUTRAS ACTIVIDADES**

**83.1** Se os planos de estudio contemplasen a realización de créditos curriculares a través doutras actividades, estas realizaranse de acordo co establecido no plano de estudos.

**83.2** Se as actividades non estivesen concretadas nos planos de estudio, será a Comisión Académica do centro ou órgano análogo a que autorice a súa realización, á vista dun proxecto presentado por un departamento, que deberá concreta-los seguintes extremos:

a) Obxecto da actividade.

b) Número de créditos que se recoñecerán.

c) Profesor ou profesores responsables do desenvolvemento e avaliación da actividade.

d) Número de alumnos que poderán realiza-la actividade.

## **84. IMPUTACIÓN DAS ACTIVIDADES**

As actividades previstas polos planos de estudio imputaranse de forma xenérica e polo número de créditos que se establezan, ó concepto "actividades previstas no plano de estudos"

## **85. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES**

**85.1** As actividades serán avaliadas polo profesor ou profesores responsables do seu desenvolvemento.

**85.2** As actividades serán cualificadas segundo as normas establecidas no presente acordo.

## **86. CONVOCATORIA**

Se ás actividades previstas no plano de estudos non puidesen concorrer tódolos alumnos, a dirección do centro publicará unha convocatoria na que se especifique:

- a) Tipo de actividade.
- b) Número de prazas.
- c) Tempo e lugar da realización.
- d) Número de horas e equivalencia en créditos.
- e) Materia á que se imputarán os créditos.
- f) Requisitos para concorrer ás actividades.
- g) Prazo de solicitudes.

# **TÍTULO VIII. LIBRE CONFIGURACIÓN CURRICULAR**

## **87. LIBRE CONFIGURACIÓN CURRICULAR**

Para os efectos da realización da libre configuración curricular que establecen os planos de estudio, os alumnos poderán cursa-las materias que para tales efectos se establezan, asistir a seminarios ou realiza-las actividades que determine a universidade.

## **88. MATERIAS DE LIBRE ELECCIÓN**

Terán a consideración de materias de libre elección, para os efectos da libre configuración curricular, tódalas materias que compoñan os planos de estudio renovados e as que compoñan os planos de estudos non renovados se non estivesen en proceso de extinción, agás:

- a) As materias que pola súa natureza estean excluídas pola Xunta de Goberno.
- b) Para cada titulación, aquelas materias impartidas noutros planos de estudio de contido idéntico ou moi semellante ás propias do plano de estudos que está a cursa-lo alumno.

A exclusión de materias realizaraa a facultade ou escola, que deberá dar conta ó Vicerrectorado correspondente no prazo que determine.

c) As materias que teñan a condición de complementos de formación, os prácticas, os proxectos fin de carreira, e as materias con contido exclusivamente práctico.

## **89. SEMINARIOS E ACTIVIDADES PARA A LIBRE CONFIGURACIÓN CURRICULAR**

### **89.1 Recoñecemento de seminarios e actividades académicas.**

A libre configuración curricular poderá efectuarse mediante a realización dos seminarios ou actividades académicas que previamente recoñeza a universidades para iso.

O recoñecemento de seminarios ou actividades para ser aplicados á libre configuración curricular, relizarao o Rector a proposta dos decanos ou directores, trala aprobación das respectivas xuntas do centro e para os planos de estudos que se xestionen nas facultades ou escolas proponentes.

A Xunta de Goberno poderá establecer con carácter xeral para tódolos planos de estudos os seminarios ou actividades académicas que serán susceptibles de verse imputados á libre configuración curricular.

Se as actividades ou seminarios fosen impartidos total ou parcialmente por outra universidade ou por entidades públicas ou privadas, requirirá previamente o asinamento dun convenio.

Estes convenios serán asinados polo Rector ou pola autoridade en que delegue.

Para a autorización dos seminarios e actividades académicas, requirirase, con carácter xeral, que polo menos teñan unha duración de trinta horas lectivas. Trinta horas lectivas, salvo acordo en contrario, serán equivalentes a un crédito.

### **89.2 Cualificacións e validacións**

Os seminarios e mailas actividades académicas que se recoñezan para a libre configuración curricular, serán cualificadas exclusivamente coas mencións APTO ou NON APTO.

Non serán susceptibles de validación os seminarios e as actividades académicas que non estean recoñecidas previamente pola universidade para que produzan efectos para a libre configuración curricular.

### **89.3 Recoñecemento de materias de nivelación como créditos para a libre configuración curricular**

Serán recoñecidos como créditos de libre elección as “materias de nivelación” que dacordo coa oferta aprobada pola Comisión de Organización Académica e Profesorado organicen os centros da USC. A súa xestión académica determinarase na resolución rectoral de convocatoria de matrícula e demais normativa de desenvolvemento destas Normas. **(6)**

## **90. MATERIAS DE LIBRE ELECCIÓN**

Tódalas materias suceptibles de seren elixidas como de libre elección estarán sometidas a limitación de prazas, e en ningún suposto poderán supoñe-la creación de novos grupos de docencia.

## **91. IMPUTACIÓN DE MATERIAS TRONCAIS, OBRIGATORIAS OU OPTATIVAS PARA A LIBRE CONFIGURACIÓN CURRICULAR**

**91.1** Poderanse imputar como materias de libre elección curricular as seguintes materias do plano de estudos que está a realiza-lo alumno:

**a) Materias troncais e obrigatorias:** As materias troncais e obrigatorias, se o plano de estudio establece optatividade entre elas unha vez superada a materia troncal ou obrigatoria respecto da que se realizou a opción.

**b) Materias optativas:** Se o alumno superara materias optativas por un número de créditos superior ó esixido polo plano de estudos.

**c) Para alumnos que realizan estudos de só segundo ciclo ou que non continúan o primeiro ciclo cursado:** Se o alumno realiza un segundo ciclo dunha titulación de dous ciclos, que non sexa continuación dos estudos do primeiro ciclo, poderá realizar como de libre elección as materias troncais, obrigatorias e optativas que estivesen vinculadas ó primeiro ciclo, agás se as ditas materias non poideron ser cursadas no primeiro ciclo ou titulación de procedencia por ter contidos idénticos ou moi semellantes e así foxe establecido nas convocatorias de materias para a libre configuración.

**91.2** Se o alumno supera materias troncais, obrigatorias ou optativas por un número de créditos superior ó esixido polo plano de estudos, de oficio serán consideradas como de libre elección, se o alumno tivese superadas materias troncais, obrigatorias ou optativas suficientes para considerar que ten rematado o primeiro ciclo ou a titulación. A imputación realizarase sobre materias e non sobre os posibles excesos de créditos que non poidan ser imputables a materias íntegras.

**91.3** Antes da realización do depósito do título ou da expedición dun certificado acreditativo de ter rematado o primeiro ciclo de estudos, o alumno poderá solicitar que as materias optativas que teña superadas sexan consideradas como de libre elección. A solicitude estimarase sempre que os créditos excedan dos obrigatorios para o ciclo ou titulación.

**91.4** A imputación de materias de libre elección á que se refire o presente apartado, realizarase en calquera caso sobre materias e non sobre os posibles créditos que excedan respecto dos establecidos no plano de estudos, sen prexuízo do establecido no apartado 110 en canto a compensación de créditos.

## **92. PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE DE MATERIAS**

Por resolución rectoral, establecerase o procedemento e prazos para a solicitude de materias de libre elección, que estará restrinxido soamente para os supostos en que o alumno desexe realizar materias que figuren en planos de estudio distintos ó que está a cursar.

## **93. VALORACIÓN DO EXPEDIENTE**

Para os efectos da resolución das solicitudes de materias de libre elección, os expedientes dos alumnos valoraranse consonte o criterio xeral establecido no apartado 18 do presente Acordo.

## **94. RECOÑECIMENTO DOS CRÉDITOS DE LIBRE ELECCIÓN POLA REALIZACIÓN DE SEMINARIOS OU ACTIVIDADES ACADÉMICAS**

**94.1** Seminarios ou actividades organizados por facultades, escolas, departamentos e institutos universitarios da Universidade de Santiago de Compostela

1.- O órgano universitario que organice os seminarios ou actividades que pretendan imputarse como de libre elección, deberá elevar ó Rectorado, cunha antelación de corenta e cinco días á data do comezo, proposta na que conste, como mínimo, o seguinte:

a) Denominación do seminario ou actividade cunha breve descrición.

- b) Profesorado que o impartirá.
- c) Datas, lugar e horario de desenvolvemento do seminario ou actividade.
- d) Número de prazas e procedemento de selección de alumnos, de se-lo caso. En calquera suposto os expedientes valoraranse consonte o disposto no Título II do presente Acordo.
- e) Lugar de inscrición no seminario ou actividade e, de se-lo caso, importe do curso ou seminario.
- f) Número de créditos que se recoñecen. Como norma xeral recoñecerase un crédito por cada trinta horas lectivas.
- g) Titulacións ás que se poderán imputar os créditos de libre elección. Para tales efectos deberán acompañarse acordos das respectivas xuntas dos centros, nos que se acepte que o seminario ou actividade pode recoñecerse para a libre configuración curricular.

2.- O rector, á vista da proposta, resolverá sobre a súa autorización no prazo de quince días.

3.- Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores o Rectorado poderá solicitar das facultades, escolas, institutos, a oferta de cursos ou actividades que para curso académico teñan programadas, para os efectos de realizar unha convocatoria anterior ó inicio de cada curso. Esta oferta será aprobada pola Xunta de Goberno e o Rectorado.

4.- O recoñecemento dos cursos e seminarios para seren imputados como libre configuración curricular, realizarase nas unidades de xestión académica á vista da certificación que presente o alumno e á vista da resolución rectoral que recoñeza o seminario ou actividade. O recoñecemento dos créditos para seren imputados no expediente do alumno reportará os prezos que se determinen.

No expediente do alumno reflectirase a mención Apto ou Non Apto.

#### **94.2 Recoñecemento de seminarios ou actividades académicas para a libre configuración curricular organizados por servizos da Universidade de Santiago de Compostela**

Neste suposto, o recoñecemento realizarase solicitándoo nas unidades de xestión académica trala acreditación da certificación que para tales efectos deberán expedir os servizos universitarios. O recoñecemento dos créditos para seren imputados no expediente do alumno reportará os prezos que se determinen.

#### **94.3 Recoñecemento de seminarios ou actividades académicas para a libre configuración curricular organizados por organismos públicos ou privados**

1.- Certificacións persoais: A organización do seminario ou actividade entregará ós alumnos unha certificación cos seguintes extremos:

- a) Identificación do alumno con nome e apelidos.
- b) Documento nacional de identidade ou pasaporte.
- c) Especificación de que o curso ou seminario foi recoñecido para a libre configuración curricular pola Universidade de Santiago de Compostela.
- d) Data do convenio ou recoñecemento da Universidade.
- e) Mención de apto ou non apto.

O Rectorado poderá establecer modelos de certificacións obrigatorias.

2.- Recoñecemento dos seminarios ou actividades académicas: Logo da solicitude do alumno e unha vez acreditado

mediante certificación que o alumno superou o seminario ou a actividade académica, e á vista do convenio, procederá o seu recoñecemento para a libre configuración curricular.

O recoñecemento dos créditos para seren imputados no expediente do alumno reportará os prezos que se determinen.

**94.4** Para o recoñecemento de créditos de libre elección pola realización de seminarios ou actividades académicas, os alumnos entregarán o certificado orixinal na Unidade de Xestión Académica na que se lle expedirá, á vista do documento, o impreso de liquidación de prezos públicos segundo estableza a resolución de recoñecemento. Aboados os prezos públicos o recoñecemento da actividade farase de plano polo funcionario e sen máis trámites.

**94.5** A solicitude do recoñecemento de créditos de libre elección pola realización das Prácticas en Empresas xestionadas a través do Consello Social da Universidade ou de Feuga que fagan os alumnos tramitarse do mesmo xeito.

## **TÍTULO IX. COLACIÓN DO GRAO DE LICENCIATURA**

### **95. NORMAS DE APLICACIÓN NOS PROCEDIMENTOS DE COLACIÓN DE GRAO**

A colación do grao de licenciado na Universidade de Santiago de Compostela regularase polas presentes normas e polas que para cada licenciatura, a proposta da xunta de facultade, aprrobe a Xunta de Goberno dentro do marco establecido no presente Acordo.

Estas normas terán carácter subsidiario para a colación do grao en calquera titulación, e serán de aplicación directa desde a súa aprobación para as titulacións que non tiveran normas propias.

A matrícula para a colación do grao de licenciado realizarase nos prazos e termos establecidos no apartado 7.2 do presente acordo.

### **96. IMPLANTACIÓN E MODIFICACIÓN DOS PROCEDIMENTOS PARA A COLACIÓN DO GRAO DE LICENCIATURA.**

**96.1** As facultades que impartan titulacións que non teñan implantado o grao, deberán elevar á Xunta de Goberno para a súa aprobación unha proposta de regulación aprobada pola xunta de facultade.

As modificacións dos procedementos para a colación do grao requirirán tamén a aprobación da Xunta de Goberno da proposta que deberá eleva-la a Xunta de Facultade.

**96.2** As propostas de regulación dos procedementos para a colación do grao de licenciatura, ou a súa modificación, deberán conter como mínimo os elementos e contidos seguintes:

#### **96.2.1 Para a modalidade de exame**

##### **a) Tribunais**

Composición.- Como mínimo deberán estar compostos por tres membros, que deberán ser profesores da Universidade de Santiago de Compostela co grao de doutor, que pertencan ós departamentos e áreas de coñecemento vinculados coa titulación, sen que poidan pertencer á mesma área máis de dous membros.

Nomeamento.- O tribunal será nomeado polo decano a proposta da Xunta de Facultade e como mínimo para un ano académico.

## **b) Exercicio**

- Estructura do exercicio.
- Temario. O temario sobre o que versará o exame deberá facerse público cun mínimo de vinte días de antelación á realización do exercicio.
- Procedemento de cualificación.

### **96.2.2 Modalidade de traballo de investigación (memoria de licenciatura)**

#### **a) Solicitud**

Deberá establecerse un período mínimo entre a solicitud de realización e a lectura do traballo de investigación.

#### **b) Director do traballo**

Para ser director do traballo de investigación requirirase estar en posesión do título de doutor e pertencer a un dos corpos docentes universitarios ou te-la condición de profesor universitario contratado.

Asemade, poderán ser directores dos traballos de investigación os doutores que, sen te-la a condición de profesor universitario, sexan autorizados polo departamento á vista do proxecto de traballo de investigación. Neste suposto o trámite de lectura do traballo de investigación deberá ser aprobado previamente polo consello de departamento á vista do traballo elaborado.

Os traballos de investigación poderán contar con codirectores, que deberán reuni-los mesmos requisitos esixidos para os directores.

#### **c) Tribunais**

##### - Composición

Como mínimo deberán estar compostos por tres membros, e en calquera caso a maioría dos membros e o presidente deberán ser profesores da Universidade de Santiago de Compostela.

Tódolos membros do tribunal deberán telo grao de doutor.

Os profesores da Universidade de Santiago de Compostela membros do tribunal, deberán pertencer a departamentos e a áreas de coñecemento vinculados coa titulación que convoca o grao, sen que poidan pertencer á mesma área máis de dous membros.

##### - Nomeamento

Os tribunais serán nomeados polo decano da facultade, a proposta do departamento respectivo e trala aprobación da Xunta de Facultade; comunicarase o nomeamento do tribunal á Unidade de Xestión Académica correspondente.

**96.3.-** Os alumnos que concorran á colación do grao de licenciado serán cualificados consonte ás seguintes cualificacións: aprobado, notable e sobresaliente.

Se a xuízo do tribunal o traballo non acadara o nivel suficiente, procederá á devolución do traballo e á devolución do expediente á unidade de xestión correspondente.

## **97. ALUMNOS QUE PODEN CONCORRER Á COLACIÓN DO GRAO**

### **97.1 Alumnos e licenciados da Universidade de Santiago de Compostela**

Poderán concorrer á colación do grao de licenciado pola Universidade de Santiago de Compostela os licenciados por esta universidade. Os procedementos de cada centro poderán permiti-lo inicio do traballo de investigación ós alumnos que se atopen no último ano dos estudos de licenciatura.

### **97.2 Licenciados noutras universidades españolas**

A colación do grao na Universidade de Santiago de Compostela por alumnos licenciados por outra universidade española axustarase ó seguinte:

**Prazo de solicitude:** Ata o 31 de Agosto para a realización do exame de Grao. Na modalidade do traballo de Investigación en calquera momento do curso.

**Admisión:** As solicitudes de traslado para á colación do grao resolveranse consonte o seguinte procedemento.

**Admisión a trámite.-** Antes da iniciación do procedemento de admisión, valorarase o expediente consonte as regras establecidas no apartado 18. De non acadar alomenos un 1, non serán admitidas a trámite.

**Informe do decano.-** Os decanos, á vista da solicitude e do expediente do alumno, no que deberá constar todo o seu historial académico, emitirán un informe sobre a procedencia do traslado, á vista da identidade do plano de estudos.

**Traslado:** De reuni-los requisitos establecidos no apartado anterior, procederá a dictarse unha resolución de admisión, para que o alumno realice o traslado do seu expediente académico.

Unha vez realizado o traslado, todo o procedemento ata a avaliación do traballo ou exame axustarase ás normas que se establecen no presente acordo.

**Devolución do expediente:** Unha vez acadado o grao de licenciado, procederase de oficio á devolución do expediente á universidade de procedencia do alumno.

### **97.3 Alumnos con títulos homologados**

A colación do grao na Universidade de Santiago de Compostela por aqueles alumnos que estean en posesión da credencial de homologación de título estranxeiro expedida polo Ministerio de Educación e Ciencia, axustarase ó seguinte:

#### **Admisión.**

Trala solicitude do alumno, a admisión será resolta polo rector se reúnen os seguintes requisitos:

1º.- Que o solicitante posúa a credencial de homologación.

2º.- Que na Universidade de Santiago de Compostela se imparta a mesma licenciatura pola que se lle expediu a credencial de homologación de título estranxeiro.

Unha vez admitido o alumno, o procedemento ata a avaliación do traballo ou exame axustarase ás normas que se establecen no presente acordo.

## **98. EXPEDIENTE E ACTAS**

### **98.1 Expedientes**

Rematado o prazo de matrícula, remitirase ó secretario de cada facultade a relación de alumnos que formalizaran matrícula para a colación do grao, a certificación do expediente dos alumnos e as actas.

### **98.2 Actas**

Unha vez rematadas as probas para a colación do grao, o secretario da facultade remitirá á Unidade de Xestión Académica as actas para que se faga a constancia nos expedientes académicos e para o seu arquivo e custodia.

## **99. CERTIFICACIÓNS E MENCIÓNS NOS TÍTULOS**

### **99.1 Certificacións**

A petición dos alumnos que colacionen o grao, expediráselles certificación consonte ó modelo que estableza a Secretaría Xeral.

### **99.2 Mencións nos títulos**

O reflexo da colación do grao nos títulos de licenciado, realizara o Ministerio de Educación e Ciencia para os alumnos que rematasen os seus estudos na convocatoria de febreiro do curso 1987-88 e anteriores, e a Universidade de Santiago de Compostela para os alumnos que rematasen os seus estudos con posterioridade á dita convocatoria.

### **99.3 Mencións nas credenciais de homologación**

Ós alumnos que concorresen á colación do grao de licenciado acreditando a credencial de homologación de títulos estranxeiros, reflectiráselle-la mención consonte o procedemento establecido para a expedición de títulos.

## **TÍTULO X. PREMIOS EXTRAORDINARIOS**

### *Art. 100. Premio extraordinario de fin de carreira*

O premio extraordinario de fin de carreira na Universidade de Santiago de Compostela regularase polas presentes normas e polas que para cada titulación aprobe o Consello de Goberno previamente á convocatoria, dentro do marco establecido no presente acordo.

Estas normas terán carácter subsidiario para a concesión do premio extraordinario en calquera titulación, e serán de aplicación directa para as titulacións que non tiveran normas propias.

O Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela poderá outorgar, a proposta das xuntas de facultade ou escola, dous premios extraordinarios por cada licenciatura, enxeñería, diplomatura ou enxeñería técnica.

En ningún suposto se poderán acumula-los premios extraordinarios declarados desertos.

### *Art. 101. Candidatos ó premio extraordinario*

Poderán concorrer ó premio extraordinario de licenciatura os licenciados, enxeñeiros, diplomados ou enxeñeiros técnicos pola Universidade de Santiago de Compostela cunha nota media do seu expediente de 2,5 ou superior segundo a valoración expresada no artigo 17.3. Tamén poderán concorrer:

- a) Os licenciados que colacionaran o grao coa cualificación de sobresaliente.
- b) Os enxeñeiros e enxeñeiros técnicos que acadaran a cualificación de sobresaliente no proxecto de fin de carreira.

A inscrición para concorrer ó premio extraordinario realizarase nos prazos establecidos no apartado 7.3 das presentes normas.

## **102. PROCEDEMENTO PARA OUTORGA-LOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS**

Os procedementos para outorga-los premios extraordinarios serán aprobados pola Xunta de Goberno a proposta das facultades.

Os procedementos deberán recoller como mínimo os seguintes elementos:

### **a) Tribunal**

1.- Composición.- Como mínimo deberán estar compostos por tres membros, que deberán ser profesores co grao de doutor da Universidade de Santiago de Compostela, que pertencen ós departamentos e áreas de coñecemento vinculados coa titulación.

2.- Nomeamento.- Os tribunais deberán ser nomeados pola xunta de facultade.

### **b) Procedemento**

1.- **Criterios de adxudicación.**- Deberán establecerse os criterios de adxudicación, especificando se os aspirantes deben ou non someterse a algunha proba.

2.- **Valoración de expedientes.**- Os expedientes valoraranse consonte o establecido no Título II do presente acordo."

## **103. CONVOCATORIAS**

**103.1** Para as datas de matrícula e outorgamento dos premios extraordinarios, rexerá o disposto no apartado 7.3

**103.2** As convocatorias realizaranse para os alumnos que acadaran o grao no curso para o que se convoca o premio extraordinario.

**103.3** Os centros deberán comunicar ás unidades de xestión académica a convocatoria de premios extraordinarios antes do 15 de outubro.

A solicitude de concorrencia ós premios extraordinarios presentarase nas unidades de xestión académica nos prazos que determine o Rectorado.

## **104. TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA**

Rematado o prazo de presentación de instancias, os xefes das unidades de xestión remitirán ó secretario do centro os expedientes dos alumnos e as actas.

## **105. EXPEDIENTE E ACTAS**

### **105.1 Expedientes**

Rematado o prazo de matrícula remitiráselle ó secretario de cada facultade a relación de alumnos que formalizaran matrícula para concorreren ó premio extraordinario, a certificación do expediente dos alumnos e as actas.

### **105.2 Actas**

Realizada polo Tribunal a proposta, está será remitida polo decano ou director ó secretario xeral da Universidade para a súa tramitación á Xunta de Goberno.

O secretario xeral remitirá ás unidades de xestión académica o orixinal da acta dilixenciada que conteña o acordo da Xunta de Goberno que outorga o premio extraordinario. Ás secretarías dos centros remitirase unha copia da dita acta.

## **106. CERTIFICACIÓNS E MENCIÓNS EN TÍTULOS**

### **106.1 Certificacións**

Ós alumnos ós que se lles outorgue o premio extraordinario, expediráselles unha certificación conforme o modelo que estableza a Secretaría Xeral. A primeira certificación non reportará prezo público ningún.

### **106.2 Mencións nos títulos**

A obtención do premio extraordinario reflectirase no título, consonte ó disposto na Resolución do Ministerio de Educación e Ciencia do 26 de xuño de 1989.

## **TÍTULO XI. PLANS DE ESTUDIO**

### **107. INTERPRETACIÓN DOS PLANOS DE ESTUDIO**

As interpretacións que sexan necesarias para o correcto cumprimento dos planos de estudio desta Universidade son competencia exclusiva do rector, que tras audiencia do centro e á vista dos informes que poida solicitar, dictará as resolucións ou instrucións que considere oportunas.

### **108. RECOÑECEMENTO DE ESPECIALIDADES**

Procederase a recoñecer especialidades cando o alumno curse as materias que esixe o plano de estudos, aínda que figuren como libre configuración se estas foran optativas da titulación.

### **109. VINCULACIÓN DE MATERIAS OPTATIVAS**

Con carácter xeral, as materias optativas están vinculadas ó ciclo de tal xeito que, para acadar os créditos optativos esixidos pola titulación o alumno deberá superar en cada ciclo materias optativas vinculadas a el no número esixido polo plano de estudos. A adscrición de optativas a un curso non implica a esixencia de cursar en cada curso as ditas optativas.

Excepción á norma anterior son as materias optativas dos estudos de filoloxía que se imparten no Campus de Santiago, para as cales, consonte o seu plano de estudos, rexerá a seguinte regra:

- a) As materias optativas dos planos de estudio de Filoloxía non están vinculadas a ningún ciclo, polo que o alumno pode realizar os créditos optativos que sexan necesarios para obter a titulación entre todas as materias que teñan carácter optativo.
- b) Non obstante, para cursar materias optativas das que figuran imputadas ó segundo ciclo, os alumnos deberán ter superados o número mínimo de créditos troncais e obrigatorios que esixa cada plano de estudos.

## **110. COMPENSACIÓN DE CRÉDITOS OPTATIVOS E DE LIBRE CONFIGURACIÓN**

No suposto de que un alumno teña superado a totalidade de créditos establecidos no plano de estudos, pero tivera unha falta de créditos optativos ou de libre elección, esta poderá ser compensada, ata un máximo de catro créditos, co exceso de créditos optativos ou de libre elección que puidera ter superados.

A compensación de créditos en ningún suposto poderá afectar a materias troncais ou obrigatorias.

No expediente do alumno farase mención a que a compensación de créditos se fixo con base no presente acordo.

## **111. RECOÑECEMENTO DE MATERIAS CURSADAS COMO DE LIBRE ELECCIÓN NA TITULACIÓN Á QUE PERTENZAN**

**111.1** As materias do plano de estudos que estea a cursar un alumno e que foran superadas por este para ser imputadas como materias de libre configuración noutra titulación, serán aplicadas ó seu expediente.

**111.2** As materias aplicadas figurarán nos expedientes dos alumnos coa cualificación obtida.

**111.3** Este recoñecemento de materias realizarase de plano pola administración universitaria sen que sexa necesario recorrer ó procedemento de validación, só será precisa a petición do interesado e o pagamento do 25% dos prezos públicos correspondentes.

**111.4** O recoñecemento de materias de libre configuración como materias da titulación á que pertenzan, non suporá ningún dereito de ingreso respecto á mesma, xa sexa para o ingreso no primeiro ou no segundo ciclo.

# **TÍTULO XII. PROCEDIMIENTO COMÚN EN MATERIA DE XESTIÓN ACADÉMICA**

## **112. INICIACIÓN**

**112.1** Os procedementos poderanse iniciar de oficio ou a solicitude da persoa interesada. As solicitudes a instancia de parte deberán conte-los requisitos seguintes:

- a) Nome e apelidos do interesado e, de se-lo caso, da persoa que o represente, e tamén a identificación do medio preferente ou do lugar que se sinale para efectos de notificacións.
- b) Feitos, razóns e petición na que se concrete, con toda claridade, a solicitude.
- c) Lugar e data.
- d) Sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio.
- e) Órgano, centro ou unidade administrativa á que se dirixe.

**112.2** Cando as pretensións correspondentes a unha pluralidade de persoas teñan un contido e un fundamento idénticos ou substancialmente similar, poderanse considerar como unha única solicitude, agás que as normas reguladoras dos procedementos específicos dispoñan outra cousa distinta.

**112.3** Se a solicitude de iniciación non ten os requisitos esixidos, requirirase ó interesado para que, nun prazo de

dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non o facer, considerarase que desistiu da súa petición, que se arquivará sen máis trámite.

**112.4** Para estes efectos o pagamento de prezos ou taxas non implica a resolución do expediente, senón que se considerará como simple acto de trámite complementario da solicitude.

### **113. IMPULSO**

O procedemento impulsarase de oficio en tódolos trámites. No despacho do expediente manterase a orde rigorosa de incoación en asuntos de natureza homoxénea, salvo unha orde motivada en contra.

Os trámites que deben cumprí-los interesados terán que realizarse no prazo de 10 días dende a notificación, salvo que a norma fixe un prazo distinto.

### **114. TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES, RECURSOS E CONSULTAS**

A tramitación das peticións de resolución non delegada en centros ou unidades administrativas, así como tódalas reclamacións que se produzan en materia de xestión académica e as consultas sobre a interpretación da normativa aplicable, planos de estudo, prezos públicos e calquera outra circunstancia sobre xestión académica, serán remitidas ó Rectorado a través do Servicio de Alumnado.

### **115. INSTRUCCIÓN**

Os actos de instrucción necesarios para determina-lo coñecemento e a comprobación dos datos, realizarase de oficio. Os interesados poderán, en calquera momento do procedemento anterior ó trámite de audiencia ou á resolución, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo.

Para efectos da resolución solicitaranse os informes que sexan preceptivos e os que se xulguen necesarios para resolver.

Os informes serán emitidos no prazo de quince días, salvo que unha disposición estableza outro prazo.

Estes serán, en todo caso, motivados, especialmente naqueles supostos en que se modifique a actuación seguida en ocasións precedentes.

No caso de que o órgano instructor entenda que o informe non está debidamente motivado, poderá proceder á súa devolución para que emita outro no prazo de cinco días.

Cando o informe sexa decisivo na resolución, o seu contido poderá serlle trasladado ó interesado para que formule as correspondentes alegacións antes da resolución do asunto.

No caso de que figuren no procedemento novos feitos, documentos ou probas non aducidas polo interesado antes de redacta-la proposta de resolución, poderase pór-lle de manifesto ós interesados ou ós seus representantes, para que no prazo de dez días realicen o trámite de audiencia e vista do expediente.

### **116. RESOLUCIÓN**

Os actos que rematen o procedemento deberán ser comunicados ós interesados no prazo de dez días, e deben decidir tódalas cuestións que expoñan os interesados ou calquera outra que se derive del.

As resolucións serán motivadas e conterán os recursos ou reclamacións que procedan, o órgano perante o que deban presentarse e o prazo para interpoñelos.

## **117. INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTES DE PETICIÓN OU RECLAMACIÓN DE ALUMNOS QUE CURSAN ESTUDIOS QUE NON CONDUCEN Á EXPEDICIÓN DUN TÍTULO OFICIAL**

**117.1** Os directores destes estudos instruirán e resolverán consonte ás normas propias dos estudos e, subsidiariamente, consonte ó presente acordo as peticións que os alumnos realicen.

A resolución será notificada consonte ó establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, Lei 30/1992, coa advertencia de que poderán interpoñer perante o rector unha reclamación no prazo de dez días conforme establece o artigo 118 do presente acordo.

**117.2** As reclamacións que presenten os alumnos contra a resolución dos directores serán remitidas ó Rectorado a través do Servicio de Alumnado cunha copia do expediente e un informe do director dos estudos.

## **118. RECLAMACIÓNS**

Contra as resolucións en materia de xestión académica poderán os interesados interpoñer, con carácter potestativo, unha reclamación no prazo de 10 días a contar dende a notificación, perante o órgano que instrúe o expediente, ou, de se-lo caso, recurso contencioso-administrativo, notificando previamente a súa interposición.

Transcorrido o prazo para interpoñer-la reclamación, o acto considerarase firme, e contra el só caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo sinalado.

A presentación de reclamación potestativa interromperá o prazo para interpoñer-lo recurso contencioso ata a resolución da dita reclamación por acto expreso ou presunto.

Contra a resolución das reclamacións só poderá interpoñerse recurso contencioso.

A resolución das reclamacións deberá facerse no prazo de un mes.

## **119. LINGUA DOS PROCEDEMENTOS**

A lingua ordinaria dos procedementos tramitados pola Universidade de Santiago é o galego. Non obstante poderá utilizarse a lingua castelá, que terá plenos efectos.

Os interesados poderán solicitar que as notificacións, resolucións, certificacións, etc. lle sexan realizadas en castelán, alegando descoñecemento da lingua galega.

No caso de non indicalo na súa solicitude, os documentos, resolucións, etc. serán realizadas en galego.

## **120. ACCESO ÓS DOCUMENTOS**

Os interesados terán acceso ós documentos que consten nun expediente administrativo e obter copias dos documentos, polos procedementos establecidos para o efecto.

Os expedientes académicos terán a consideración de expedientes de carácter nominativo e o seu acceso estará restrinxido ós seus titulares e a terceiros que acrediten un interese lexítimo e directo.

## **121. REPRESENTACIÓN**

Os interesados nun procedemento de xestión académica poderán actuar mediante un representante co que se entenderán as actuacións administrativas.

Para formular solicitudes, iniciar recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos en nome doutra persoa deberase acreditar a representación, de tal xeito que deixe constancia fidedigna.

Para os actos e xestións de simple trámite presumirase a representación.

Os títulos académicos e outros actos de similar contido deberanse entregar directamente ós interesados agás que acheguen un poder cumprido para realiza-lo trámite, que se incorporará ó expediente.

## **122. DELEGACIÓN DA SINATURA OU DE COMPETENCIAS**

Os actos dictados por delegación de sinatura ou competencias entenderanse dictados polo órgano delegante, e producirán os mesmos efectos.

## **123. PRAZOS DE RESOLUCIÓN**

A resolución de asuntos realizarase nos prazos que mediante resolución rectoral se establezan. De non existir un prazo concreto, este será de tres meses.

Transcorrido o prazo de tres meses, entenderanse desestimadas as peticións, agás a solicitude de matrícula, que se entenderá estimada se no prazo de oito meses non se rexeita, salvo que careza dos requisitos necesarios para a súa formalización.

Os prazos de resolución computaranse a partir da data de rexistro de entrada, e se a petición se derivara dunha convocatoria que establecera prazos para a presentación de solicitudes, a partir do día seguinte ó remate dos prazos.

A expedición de certificacións de actos presuntos realizaraa o secretario xeral da Universidade.

## **124. CONTROL DAS RESOLUCIÓNS RECTORAIS**

As resolucións rectorais, tanto de carácter xeral como as que se dicten como consecuencia de peticións ou reclamacións individuais, e que a Secretaría Xeral estime que se apartan das normas establecidas no presente acordo, deberán ser validadas na Xunta de Goberno inmediata.

A proposta de validación do acto deberá ir acompañada dun texto que modifique os apartados pertinentes do presente acordo e determinará se a modificación terá ou non efectos retroactivos.

## **125. INTERPRETACIÓN, INSTRUCCIÓN E ORDES DE ACTUACIÓN**

As consultas que se deriven da execución do presente apartado, serán presentadas por escrito ó vicerrector competente e, de se-lo caso, ó secretario xeral, que resolverá a consulta nun prazo máximo de cinco días.

# **NORMAS TRANSITORIAS**

A unidade de expediente do alumno nos termos establecidos no apartado vintecinco do presente Acordo, será de aplicación no momento no que a aplicación informática de xestión de alumnos o permita.

## **NORMAS FINAIS**

### ***NORMA FINAL PRIMEIRA***

#### **1.- O presente acordo de Xunta de Goberno deixa sen efecto os seguintes acordos e resolucións rectorais e instrucións:**

- Acordo da Xunta de Goberno do 3 de xuño de 1991, vixente parcialmente no referente ós requisitos de residencia para o ingreso en centros con limitación de prazas.
- Acordo da Xunta de Goberno do 16 de xuño de 1993, sobre normas de xestión académica.
- Acordo da Xunta de Goberno do 26 de maio de 1994, pola que se modifica o acordo do 16 de xuño de 1993
- Acordo do Xunta de Goberno do 2 de xuño de 1995, sobre normas de xestión académica.
- Resolución rectoral do 18 de xuño de 1991, sobre tramitación dos traslados, e instrucción da Secretaría Xeral do 21 de xuño que a desenvolve.
- Resolución rectoral do 20 de novembro de 1991, sobre traslados de alumnos que accederan á universidade a través das probas para maiores de vintecinco anos.
- Resolución rectoral do 10 de setembro de 1992, sobre validacións
- Resolución rectoral do 14 de outubro de 1993, sobre incorporación de alumnos trasladados ós planos de estudo en proceso de extinción, e a Instrucción do 7 de xullo de 1994, dictada para o seu desenvolvemento.
- Resolución rectoral do 14 de outubro de 1993, sobre adaptacións os novos planos de estudo.
- Resolución rectoral do 14 de outubro de 1993, sobre o réxime de traslado de alumnos de universidades da Igrexa.
- Resolución rectoral do 14 de outubro de 1993, sobre o procedemento de validacións.
- Resolución rectoral do 22 de abril de 1994, sobre tramitación de traslados co obxecto de realiza-lo depósito do título.
- Resolución rectoral do 17 de xuño de 1994, sobre o procedemento de solicitude de materias de libre elección.
- Resolución rectoral do 13 de setembro de 1994, sobre as normas de acceso o segundos ciclos. (dúas resolucións con número de rexistro de saída 4560 e 4561)
- Resolución rectoral do 19 de outubro de 1994 sobre matrícula en planos en extinción.
- Resolución rectoral do 28 de outubro de 1994, sobre cualificacións.
- Instrucción da Secretaría Xeral do 5 de xullo de 1994, sobre confección de actas de exame por aplicación das técnicas telemáticas para a súa lectura, e a instrucción do 29 do xullo de 1993, que a desenvolve.

- Instrucción do Vicerrectorado de Organización Académica, do 3 de novembro de 1993, sobre tramitación de validacións.

- Acordo da Xunta de Goberno do 3 de xuño de 1996.

- Resolución rectoral do 3 de marzo de 1998 sobre aplicación das materias superadas como libre configuración no propio plano de estudos ó que pertencen.

## **2.- O presente acordo da Xunta de Goberno mantén a vixencia parcial ou total dos seguintes acordos, resolucións e instrucións:**

- Resolución rectoral do 17 de outubro de 1989 sobre estudantes dos programas ERASMUS da Comunidade Europea.

- Resolución da Secretaría Xeral do 23 de xullo de 1990, queda parcialmente vixente no relativo a traslados de alumnos que realizaran os estudos do primeiro ciclo nos antigos colexios universitarios das universidades da Coruña e Vigo.

- Resolución rectoral do 17 de xullo de 1991, sobre recoñecemento de estudos realizados no marco de convenios ou programas interuniversitarios de cooperación.

- Resolución rectoral do 29 de xuño de 1992, sobre simultaneidade de estudos.

- Resolución rectoral do 5 de xullo de 1993 sobre normas de custodia e recepción de actas.

- Resolución rectoral do 29 de novembro de 1993, sobre o procedemento de expedición de títulos a cidadáns amparados polo Convenio Cultural Hispano-Italiano do 18 de xaneiro de 1957 (BOE do 20 de febreiro).

- Resolución rectoral do 14 de outubro de 1993, sobre realización da proba de conxunto.

- Resolución rectoral do 21 de outubro de 1993, sobre tramitación de traslados de alumnos de terceiro ciclo, matrícula de teses de doutaramento e expedición de títulos de doutor.

- Resolución do 11 de marzo de 1994, sobre o recoñecemento de materias de libre elección.

- Resolución rectoral do 16 de maio de 1994, sobre o procedemento para a validación parcial de estudos estranxeiros.

- Instrucción da secretaría Xeral de 13 do xullo de 1993, pola que se aproba o modelo do libro de entrega e recepción de actas.

- Instrucción da Secretaría Xeral do 4 de outubro, sobre envío e recollida das actas de exame.

- Instrucción da Secretaría Xeral do 18 de maio de 1994 sobre cualificacións outorgadas no procedemento de revisión.

## **3.- De se advertir conflito de normas, porase en coñecemento do secretario xeral para os efectos que determine a norma de aplicación.**

### ***NORMA FINAL SEGUNDA***

O presente acordo entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Goberno.

O Rectorado promoverá a publicación do presente acordo no Diario Oficial de Galicia.